



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA Nº 3/2013

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA DE MAIO DE DOUS MIL TRECE.

En Paradelas, a trinta de maio de 2013.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as trece horas e tres minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ.
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asiste a Sr. Concelleira D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2013.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 21 de marzo de 2013, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 21 de marzo de 2013.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos dez Concelleiros, (oito do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado.

3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO “PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SECTOR INDUSTRIAL A” CONCELLO DE PARADELA.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

“Vista a aprobación provisional, acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 24 de novembro de 2010, do “Plan de Sectorización do Sector Industrial A” Concello de Paradelas, procedeuse á tramitación do expediente, ao abeiro do establecido no artigo 86.1 da Lei do solo de Galicia, procedendo á apertura do expediente a información pública sen que se producira alegación algunha ao respecto; recabáronse os informes sectoriais preceptivos da Consellería de Cultura e Turismo - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; Deputación Provincial de Lugo - Área de Infraestrutura e Obras; Ministerio de Industria, Turismo e Comercio - Xefatura Provincial de Telecomunicacións e Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Informados todos eles favorablemente procedeuse a dar traslado dos mesmos á Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA) para a incorporación dos mesmos e introducir as modificacións necesarias no Plan.

En data 19 de novembro de 2010 ten entrada no rexistro do Concello (Rex. núm. 1.452) o documento de referencia “Plan de Sectorización do Sector Industrial A” Concello de Paradelas, para a súa aprobación provisional coas modificacións que foron pertinentes para sometelo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao Conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que terá que ser emitido no prazo de tres meses, contado dende a entrada do expediente completo no Rexistro da Consellería.

A Consellería en data 22 de marzo emitiu informe previo á aprobación definitiva, con entrada no Concello en data 28 de marzo de 2011 (Rex. núm. 375), establecendo as observacións e correccións que se deben realizar sobre o documento remitido polo Concello.

Deste Informe douse conta e remitiuse á SUPLUSA, como órgano redactor do proxecto a fin de que se recolleran as observacións e as correccións contidas no citado informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 22 de marzo de 2011.

En data 12 de xullo remítese o documento para aprobación definitiva ao órgano autonómico citado para o seu informe.

En data 17 de agosto de 2011 ten entrada no Concello (Rex. entrada núm 1030) solicitude do Servizo de Urbanismo – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para completar o expediente.

Completado o expediente, incorporando o establecido polo Servizo de Urbanismo – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e examinada



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

a documentación, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada en data 22 de setembro de 2011 aprobou provisionalmente o Plan de Sectorización do Sector Industrial A” Concello de Paradelas (documento para aprobación definitiva) incorporando o establecido polo Servizo de Urbanismo – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En data 13 de outubro de 2011 deuse traslado do expediente completo debidamente dilixenciado, ao Conselleiro competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio para o seu informe preceptivo.

A Consellería en data 13 de decembro emitiu un segundo informe previo á aprobación definitiva, con entrada no concello en data 14 de decembro de 2011 (Rex. núm. 2477), establecendo as observacións e correccións que se deben realizar sobre o documento remitido polo Concello.

Deste Informe douse conta e remitiuse á SUPLUSA, como órgano redactor do proxecto a fin de que se recolleran as observacións e as correccións contidas no citado informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 13 de decembro de 2011.

En data 22 de febreiro de 2013 ten entrada no rexistro do Concello (Rex. núm. 169) o documento para aprobación definitiva, incorporando o establecido polo Servizo de Urbanismo – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no citado informe de data 13 de decembro de 2011.

En data 21 de marzo de 2013, por acordo da Xunta de Goberno Local aprobouse provisionalmente o Plan de Sectorización do Sector Industrial A” Concello de Paradelas (documento para aprobación definitiva) incorporando o establecido polo Servizo de Urbanismo – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no segundo informe de data 13 de decembro de 2011.

O servizo de Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) en data 21 de maio de 2013 emitiu informe favorable previo á aprobación definitiva, con entrada no concello en data 22 de maio de 2013 (Rex. núm. 441), establecendo a estrita suxeición ao cumprimento das condicións contidas no informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil de 26/10/2012.

Ao abeiro do establecido no artigo 89.2 da Ley 9/2002, Lei do solo de Galicia onde se establece que a aprobación definitiva dos plans especiais de ordenación de núcleo rural, parciais, especiais e do plan de sectorización e dos estudos de detalle corresponderá ao órgano municipal competente; e o artigo 22 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local que establece que a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así coma os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera de ditos instrumentos, correspóndelle ao Pleno, propoño ao Pleno da Corporación.

A aprobación definitiva do “PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SECTOR INDUSTRIAL A” CONCELLO DE PARADELA.

Paradela, 23 de maio de 2013. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non producíndose debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros, (oito do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

4º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE PARADELA E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Por parte do Sr. Alacalde, ponse de manifesto que se trata dun regulamento e dunha ordenanza consensuada polas Traballadoras Sociais da Comarca, co fin de adaptalas á normativa autonómica e a continuación fai un resumo constantando as principais novidades que se constatan do seguinte xeito:

COPAGO DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

Cálculo do copago da persoa beneficiaria do SAF en función do prezo hora de servizo:

➤ ANTERIOR REGULAMENTO E ORDENANZA FISCAL:

- Prezo hora de luns a sábado: 10 €/hora
- Prezo hora domingos: 12 €/hora
- Cálculo da porcentaxe de copago: establécese en función da súa capacidade económica e é igual para todas as persoas beneficiarias do SAF:
 - a) dependentes
 - b) usuarios a través de prestación básica
- Valor de referencia para facer os cálculos: escala por tramos establecida en función do IPREM
 - Capacidade económica inferior ao IPREM (532,51 €) están exentos do copago.
 - C.E superior ao 100% e inferior ou igual ao 150% do IPREM: copago do 10%.
 - C.E superior ao 150% e inferior ou igual ao 200% do IPREM, copago do 12%.
 - C.E superior ao 200% e inferior ou igual ao 250% do IPREM, copago do 15%
 -

Exemplo:

Unha persoa cunha capacidade económica de 700 euros/mes estaría no segundo tramo (B) polo que lle correspondería un copago do 10% do prezo hora servizo.

Se disfruta de 20 h/mes de luns a venres pagarían 20 €/mes.

Os cálculos serían 20 horas x 10 €/hora = 200 €. O 10% desta cantidade son 20 €

➤ NOVO REGULAMENTO E ORDENANZA FISCAL:

PARA REALIZAR OS CÁLCULOS DO COPAGO, DIFERENCIA ENTRE:

- Persoas beneficiarias por prestación básica
- Persoas dependentes

PERSOAS BENEFICIARIAS POR PRESTACIÓN BÁSICA

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Participación no custo do servizo
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0 %
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1 IPREM	10 %
Maior de 1 e menor ou igual a 1,20 IPREM	12 %
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	15 %



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	20 %
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2 IPREM	30 %
Maior de 2 e menor ou igual a 2,20 IPREM	40 %
Maior de 2,20 e menor ou igual a 2,50 IPREM	50 %
Maior de 2,50 IPREM	60 %

** Prezo hora servizo: 11 €/h (prezo único: non diferencia entre días da semana e domingos)

** Os cálculos económicos para establecer o copago son iguais que no anterior regulamento, o único que cambia é:

- prezo hora
- os tramos en relación ao IPREM
- as porcentaxes que se aplican a cada un deles.

PERSOAS DEPENDENTES

O copago se establece en función da seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado (nº horas / grao e nivel)

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200% e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215% e menor ou igual ao 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350% e menor ou igual ao 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400% e menor ou igual ao 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450% e menor ou igual ao 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

Exemplo de cálculo:

Persoa con Grao III-1 que é beneficiario de 70 h/m e cunha capacidade económica incluída no cuarto tramo (Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM):

- Capacidade económica: 700 €
- Grao III- N1 e 70 h/mes: 17,76%
- Pago mensual: 124,32 €

- Capacidade económica: 700 €
- Grao III-N1 e 50 h/mes: faise unha regra de tres

70 h	17,76%
50 h.....	x %: este é o valor que se aplica a súa capacidade económica

** A capacidade económica das persoas dependentes é determinada pola Xunta de Galicia en función dos datos aportados polas familias: renda e patrimonio.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

“Considerando necesario proceder a aprobación **do Regulamento e da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar**, segundo se xustifica na memoria da alcaldía de data 14 de maio de dous mil trece, onde se recolle como razoamentos nos que se fundamente a proposta, a adaptación á nova normativa Autonómica sobre a materia, e en especial ao Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, así coma o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado Decreto no que se establece que *“As corporacións locais disporán dun prazo de dezaioito meses, contados dende o día seguinte ao da súa publicación, para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto neste decreto”*, polo que o prazo remata o trinta de setembro de 2013.

O Alcalde que suscribe, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Expediente de aprobación **do regulamento e da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Paradelas**.

PRIMEIRO.- Aprobar, provisionalmente o REGULAMENTO E A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE PARADELA.

SEGUNDO.- Expor ao público o expediente e conceder audiencia aos interesados, por prazo de trinta días a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme o preceptuado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra a mesma, considerárase definitivamente aprobada, debendo publicarse o Regulamento e a Ordenanza completa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

CUARTO.- O Regulamento e a Ordenanza entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Paradelas, 20 de maio de 2013. O ALCALDE, Asdo. José Manuel Mato Díaz”.

Procédese á votación a proposta, resultando aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos oito membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

REGULAMENTO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ÍNDICE

FUNDAMENTACIÓN

CAPÍTULO I – DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º - Obxecto

Artigo 2º - Ámbito de aplicación

Artigo 3º - Definición do servizo de axuda no fogar

Artigo 4º - Obxectivos do servizo de axuda no fogar

Artigo 5º - Contido do servizo de axuda no fogar

Artigo 6º - Actuacións excluídas

Artigo 7º - Persoas destinatarias

Artigo 8º - Dereitos das persoas usuarias

Artigo 9º - Deberes das persoas usuarias

Artigo 10º - Causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar

Artigo 11º - Causas de extinción e modificación do servizo de axuda no fogar

CAPÍTULO II – DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª - DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 12º - Formas de prestación do servizo de axuda no fogar

Artigo 13º - Requisitos específicos

SECCIÓN 2ª - DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO DE PARADELA

Artigo 14º - Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

Artigo 15º - Sobre o trámite de urxencia

Artigo 16º - Desenvolvemento da prestación do servizo de axuda no fogar

Artigo 17º - Intensidade da prestación do servizo de axuda no fogar

Artigo 18º - Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

Artigo 19º - Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 20º - Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

Artigo 21º - Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 22º - Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

Artigo 23º - Coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiadas total ou parcialmente con fondos públicos

Artigo 24º - Obriga de pagamento da taxa
DISPOSICIÓN ADICIONAL
DISPOSICIÓN DERROGATORIA
DISPOSICIÓN DERRADEIRA

FUNDAMENTACIÓN

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios a xestión do servizo de axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos do servizo de axuda no fogar, de maneira, que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar coa fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Paradela, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través do presente regulamento.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

CAPÍTULO I- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º- OBXECTO

O presente regulamento ten como obxecto a regulación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e os requisitos e procedementos necesarios para acceder ao mesmo, no municipio de Paradelas.

Artigo 2º- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O SAF desenvolverase no termo municipal de Paradelas, dentro do ámbito das competencias municipais en materia de servizos sociais, sendo a súa sede oficial as dependencias da “Casa do Concello” destinadas aos servizos sociais.

O horario de atención ao público na dita dependencia municipal será de 9:00h. a 14:00, en días laborais de luns a venres.

Artigo 3º- DEFINICIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

O SAF poderá incluír intervencións de carácter persoal, doméstico, socio-educativo e preventivo, que deberán ser conformes coa valoración técnica realizada polos servizos sociais.

Os coidados e atencións a prestar no fogar das persoas e unidades de convivencia serán realizados por persoal cualificado e con supervisión técnica directa por parte dos servizos sociais comunitarios.

Artigo 4º- OBXECTIVOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Prever situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 5º- CONTIDO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais no marco do SAF poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal e así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Con carácter complementario, o SAF poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

3.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e da calidade de vida.

4.- En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Artigo 6º- ACTUACIÓNS EXCLUÍDAS

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 7º- PERSOAS DESTINATARIAS

1.- O SAF estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

contorno inmediato, así como fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2.- En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar avaliada tecnicamente, que xustifique a prestación do servizo.

Artigo 8º- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lles recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratados co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao respecto a súa intimidade e á absoluta confidencialidade dos seus datos, de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.
6. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.
8. A recibiren unha atención individualizada e adaptada as súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
9. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
10. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema, e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 9º- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes

servizos.

- a) Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
- b) Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
- c) Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- d) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- e) Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
- f) Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- g) A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 10º- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- a) Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Artigo 11º- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

- 1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a) A renuncia da persoa usuaria.
 - b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - d) Falecemento da persoa usuaria.
 - e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
 - f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
 - g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- 2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

CAPÍTULO II- DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª - DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 12º- FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF prestarase polo Concello de Paradelas ou por entidades privadas debidamente autorizadas ou, de ser o caso, acreditadas mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público.

Artigo 13º- REQUISITOS ESPECÍFICOS

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos, aplicárase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de

profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Paradela, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

b) Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo V deste regulamento.

c) Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Paradela e a persoa usuaria, segundo o anexo VI deste regulamento.

d) Informes de seguemento periódicos que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCION 2ª - DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO DE PARADELA

Artigo 14º- MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO, ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Paradela, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos a través do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrancia, segundo o seguinte procedemento:

a) Presentación da solicitude no Rexistro Municipal do Concello, segundo o



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

anexo I deste regulamento, dirixida á Alcaldía e acompañada da seguinte documentación:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de convivencia.
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo/a traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite, tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

b) As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico (anexo IV), a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo III.

c) O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

d) Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, o órgano competente resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia.

e) Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, coa fin de comprobar que cumpren as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu

expediente individual.

Artigo 15º- SOBRE O TRÁMITE DE URXENCIA

Mediante Resolución do órgano competente poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais comunitarios e sen prexuízo da posterior instrucción do correspondente expediente.

A súa xustificación estará motivada por:

-Presentarse a necesidade de forma imprevista.

-Situacións de alto risco.

-Enfermidade grave (se o beneficiario non ten familiares).

-O falecemento do cónxuxe ou doutra persoa que se estea facendo cargo do beneficiario.

-Outras causas semellantes.

O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Artigo 16º- DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que á persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte do órgano competente, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo VI deste regulamento.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo V deste regulamento, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia do regulamento municipal do servizo de axuda no fogar, debidamente visado polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

9. O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo V deste regulamento.
- Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Paradelas e a persoa usuaria, segundo o anexo VI deste regulamento.
- Informes de seguemento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 17º- INTENSIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF prestarase no domicilio particular da persoa beneficiaria dentro do termo municipal de Paradelas.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico expresado no artigo 14º 2.b) deste regulamento.

2. A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme ao proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4º 1.a) da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais comunitarios.

Artigo 18º- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA

A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse as normas de

aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 19º- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte ás regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 20º- PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

- 1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

- 2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200% e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215% e menor ou igual ao 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350% e menor ou igual ao 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400% e menor ou igual ao 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450% e menor ou igual ao 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no Programa Individual de Atención (PIA), ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 21º- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 19º deste regulamento.

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0 %
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1 IPREM	10 %
Maior de 1 e menor ou igual a 1,20 IPREM	12 %
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	15 %
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	20 %
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2 IPREM	30 %
Maior de 2 e menor ou igual a 2,20 IPREM	40 %
Maior de 2,20 e menor ou igual a 2,50 IPREM	50 %
Maior de 2,50 IPREM	60 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 22º- AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Paradela, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 23º- COORDINACIÓN COAS ENTIDADES PRIVADAS QUE ATENDAN A PERSOAS USUARIAS FINANCIADAS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios do Concello.

Artigo 24º- OBRIGA DE PAGAMENTO DA TAXA

Están obrigados ao pagamento da taxa que lles corresponda, as persoas usuarias beneficiarias da prestación do servizo de axuda no fogar, prestado por este concello.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

A obriga de pagar as taxas estipuladas na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectiva de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. As taxas contempladas na ordenanza fiscal satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

2. Por parte do concello e, sobre a base das horas prestadas ao usuario/a, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

3. As débedas derivadas da falta de pagamento da taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria, polo procedemento administrativo de constrinximento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase ao órgano competente, previo informe dos servizos sociais comunitarios, para resolver aquelas cuestións que relacionadas co SAF poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente no presente regulamento.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Este regulamento derroga expresamente o regulamento do servizo de axuda no fogar publicado no BOP de Lugo, nº 117, de 25 de maio de 2009 e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente e publicado no BOP de Lugo, entrará en vigor conforme ao previsto no artigo 70.2 e concordantes, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Paradelas, 16 de maio de 2013 O Alcalde, Asdo. José Manuel Mato Díaz”.

SERVIZO DE AXUDA NO
FOGAR

Rexistro de entrada no Concello

ANEXO I- SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

D/D^a _____

DNI _____ Data de nacemento _____

Enderezo _____ Teléfono: _____

SOLICITO:

A valoración do meu caso para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, conforme á Normativa Municipal de aplicación.

EXPOSICIÓN DE ATENCIÓNS QUE SE SOLICITAN:

	ncións de carácter persoal
	ncións de carácter doméstico
	ncións de carácter psicosocial e educativo
	ras: especificar:_____

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. O interesado AUTORIZA a que os seus datos persoais contidos neste expediente se integren nun ficheiro mixto do CONCELLO DE PARADELA, coa finalidade de ser utilizados para as xestións derivadas dos procedementos e consultas que indica nesta solicitude.

En calquera momento o interesado poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello na dirección C/ CABALEIROS DE SANTIAGO, 15.- 27611.- PARADELA.- LUGO”.

Advirteseme que a falsidade dos datos, así como a obtención ou gozo fraudulento das prestacións, poden ser constitutivas de sanción.

Paradela, ____ de ____ de 20__

Asdo: _____

Sr/Sra. Alcalde/sa do Concello de Paradela

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ANEXO II - INFORME MÉDICO

Recoñecemento efectuado polo Doutor/a D./D^a _____

Colexiado/a n^o _____

Médico de _____ Localidade _____ Tfno. _____

INFORMA:

Que recoñecido/a D./D^a _____

Data de nacemento _____ DNI _____

Padece enfermidade infecto-contaxiosa: \$

--	--

En caso afirmativo indicar cal:

Diagnóstico, tratamento e coidados que precisa:

Datos sanitarios de interese (antecedentes clínicos, alerxias medicamentosas, dieta alimenticia, etc.):

Observacións:

Data:

Sinatura e selo

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE PARADELA, para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE PARADELA na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección C/ CABALEIROS DE SANTIAGO, 15.- 27611.- PARADELA.- LUGO”.

Advirteseme que a falsidade dos datos, así como a obtención ou gozo fraudulento das prestacións, poden ser constitutivas de sanción.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ANEXO III - BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA (TOTAL 148 PUNTOS)

D/Dª _____

1. ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA (MÁXIMO 50 PUNTOS)

Comida		
0	Independente. Capaz de comer por si só nun tempo razoable. A comida pode ser cociñada e servida por outra persoa	
2,5	Come só aínda que precisa axuda para a manipulación da comida: cortar carne...	
5	Dependente. Necesita ser alimentado por outra persoa	
Lavado (baño)		
0	Independente. Capaz de lavarse enteiro, de entrar e saír do baño sen axuda e de facelo sen que unha persoa supervise	
2,5	Dependente. Necesita algún tipo de axuda ou supervisión	
Vestido		
0	Independente. Capaz de poñer e quitar a roupa sen axuda	
2,5	Necesita axuda aínda que colabora na metade destas tarefas. Precisa supervisión	
5	Dependente. Necesita axuda para as mesmas	
Arranxo		
0	Independente. Realiza todas as actividades persoais sen ningunha axuda	
2,5	Dependente. Necesita algunha axuda	
Deposición		
0	Continente. Non presenta episodios de incontinencia	
2,5	Perdidas ocasionais. Menos dunha vez por semana	
5	Incontinente. Máis dun episodio semanal	
Micción		
0	Continente. Non presenta episodios. Capaz de utilizar calquera dispositivo por si só	
2,5	Accidente ocasional. Presenta un máximo dun episodio en 24 horas	
5	Incontinente. Máis dun episodio ao día	
Uso do retrete		
0	Independente. Entra e sae só e non necesita ningunha axuda por parte doutra persoa	
2,5	Necesita axuda. Capaz de manexarse cunha pequena axuda para entrar/saír	
5	Dependente. Incapaz de acceder a el ou de utilizalo sen axuda maior	
Transferencia (traslado cama/cadeira de brazos)		
0	Independente. Non require axuda para sentarse ou erguerse dunha cadeira nin para entrar ou saír da cama	
2,5	Mínima axuda. Inclúe unha supervisión ou unha pequena axuda física	
5	Gran axuda. Precisa axuda dunha persoa forte ou adestrada	
7,5	Dependente. Necesita unha grúa ou o alzamento por dúas persoas. Non pode permanecer sentado	
Deambulación		
2,5	Independente. Pode andar sen axuda ou supervisión. Pode utilizar calquera axuda mecánica, agás un andador	
5	Necesita axuda. Precisa da supervisión ou unha pequena axuda física por parte doutra persoa ou utiliza andador	
7,5	Vai en cadeira de rodas	
Subir e baixar escaleiras		

0	Independente. Capaz de subir e baixar sen axuda nin supervisión doutra persoa	
2,5	Precisa axuda ou supervisión	
5	Dependente. É incapaz de salvar escalóns	

PUNTUACIÓN TOTAL DAS ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA _____

2. ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA (MÁXIMO 8 PUNTOS)

Aspecto a avaliar	Puntuación
Capacidade para usar o teléfono: - Utiliza o teléfono por iniciativa propia e sen axuda de ningún tipo - Non é capaz de usar o teléfono por si só	0 1
Facer compras: - Realiza todas as compras necesarias independentemente - Realiza independentemente pequenas compras - Totalmente incapaz de comprar	0 0.5 1
Preparación da comida: - Totalmente independente para a preparación da comida, a manipulación dos ingredientes e a utilización da cociña - Prepara adecuadamente as comidas sempre con apoio ou supervisión - Non pode preparar a comida por si só	0 0.5 1
Coidado da casa: - Mantén a casa só ou con axuda ocasional (para traballos pesados) - Necesita axuda na gran maioría dos labores da casa	0 1
Lavado/coidado da roupa: - Lava por si só a roupa, téndea, a prancha e a coloca - Precisa axuda para realizar todo o coidado da roupa	0 1
Uso de medios de transporte: - Viaxa só en transporte público, taxi ou conduce o seu propio coche - Aínda que viaxe en transporte público precisa ir acompañado doutra persoa ou non pode viaxar	0 1
Responsabilidade respecto á súa medicación: - É capaz de tomar a súa medicación correctamente - Precisa apoio de terceiros para a toma da medicación	0 1
Manexo de asuntos económicos: - Encárgase dos seus asuntos económicos por si só - Non é capaz de manexarse ou ben precisa supervisión	0 1

PUNTUACIÓN TOTAL DAS ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA _____

3. APOIO SOCIAL (MÁXIMO 20 PUNTOS)

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos).	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou doutras redes (18 puntos)	
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (12 puntos) • Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) • Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) • Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) • Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)	
Vive só/a pero hai familiares con posibilidade de atendelo no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)	
Está ben atendido (0 puntos)	



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

PUNTUACIÓN TOTAL PARA O APOIO SOCIAL _____

4. SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (MÁXIMO TOTAL 20 PUNTOS)

Conflicto (máximo 4 puntos) • Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) • Cun membro xerador de conflito de nivel grave (1 punto) • Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) • Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)	
Limitación de rol: familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos)	
Monoparentalidade: familias monoparentais que por distintas circunstancias non poidan atender aos menores (2 puntos)	
Habilidades parentais: familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración do orzamento familiar, desorganización...) (2 puntos)	
Número de menores (máximo 10 puntos) • Un menor (3 puntos) • Dous menores (5 puntos) • Tres menores (7 puntos) • Catro ou máis menores (10 puntos)	

PUNTUACIÓN TOTAL PARA A SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES _____

5. OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (MÁXIMO 20 PUNTOS)

Vivenda (máximo 10 puntos) • Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (6 puntos) • Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (2 puntos) • Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (2 puntos)	
Integración no contorno (máximo 10 puntos) • Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) • Ausencia de relacións sociais (6 puntos) • Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) • Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

PUNTUACIÓN TOTAL OUTROS ASPECTOS SOCIAIS _____

6. BAREMO ECONÓMICO (MÁXIMO 30 PUNTOS)

Capacidade económica unidade de convivencia (referida ao IPREM)	Puntuación
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	30
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1 IPREM	26
Maior de 1 e menor ou igual a 1,20 IPREM	22
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	18
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	14
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2 IPREM	10
Maior de 2 e menor ou igual a 2,20 IPREM	6
Maior de 2,20 e menor ou igual a 2,50 IPREM	2
Maior de 2,50 IPREM	0

PUNTUACIÓN TOTAL BAREMO ECONÓMICO _____

FACTOR A VALORAR	PUNTUACIÓN
ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA	
ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA	
APOIO SOCIAL	
SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES	
OUTROS ASPECTOS SOCIAIS	
BAREMO ECONÓMICO	
PUNTUACIÓN TOTAL	

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE PARADELA, para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE PARADELA na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección C/ CABALEIROS DE SANTIAGO, 15.- 27611.- PARADELA.- LUGO”.

Advirteseme que a falsidade dos datos, así como a obtención ou gozo fraudulento das prestacións, poden ser constitutivas de sanción.

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ANEXO IV - INFORME SOCIAL

EXPEDIENTE N°: _____

DATA: _____

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:

Data de nacemento:

Estado civil:

Profesión/ocupación:

Teléfono:

CARACTERÍSTICAS DA UNIDADE CONVIVENCIAL:

RELACIÓN CO ENTORNO:

SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE DE CONVIVENCIA:

CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA:

-Réxime de tenza:

-Condicións de habitabilidade:

-Condicións de equipamento:

-Barreiras arquitectónicas: SI



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

-Accesibilidade a servizos e equipamentos básicos :

Cercanía cia e accesos aceptables

ns deficientes

NECESIDADES DETECTADAS

OUTROS DATOS DE INTERESE / OBSERVACIÓN:

PUNTUACIÓN OBTIDA COMO RESULTADO DA APLICACIÓN DO BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO:

Factor	Puntuación
Actividades básicas da vida diaria	
Actividades instrumentais da vida diaria	
Apoio social	
Situación familiar/socialización menores	
Outros aspectos sociais	
Baremo económico	
PUNTUACIÓN TOTAL	

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Favorable

Desfavorable

Motivos de denegación:

PLAN DE CUIDADOS:

Tipo de atención:

Tarefas:

Intensidade:

Achega económica do solicitante:

O/A traballador/a social

Nº colexiado/a: _____

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE PARADELA, para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE PARADELA na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección C/ CABALEIROS DE SANTIAGO, 15.- 27611.- PARADELA.- LUGO”.

Advertéseme que a falsidade dos datos, así como a obtención ou gozo fraudulento das prestacións, poden ser constitutivas de sanción.

ANEXO VI – ACORDO DE SERVIZO

Reunidos en _____ o día ____ de _____ de _____ dunha parte don/dona _____ con DNI: _____.

E doutra _____, en calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar de _____.

ACORDAN:

1. Que o Concello de _____ /a entidade prestadora _____, prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día _____ de _____ de 2_____.

2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará por un prazo de _____, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais/da entidade prestadora acreditada.

3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana _____, en horario de _____; por un total de _____ horas semanais.

4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e a aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a aportar _____ euros mensuais como contribución ao custo do servizo.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- ☐ ións de carácter persoal
- ☐ ións de carácter de apoio psicosocial
- ☐ ións de carácter doméstico
- ☐ ións de carácter socioeducativo
- ☐ ións de carácter técnico e complementario
- ☐ _____

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

11. **PROTECCIÓN DE DATOS.-** "De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 e a Lei 34/2002 de Servizos de Sociedade da información, informamos que os datos persoais ou correos electrónicos que se faciliten durante a execución do presente contrato poderán ser automatizados/soporte papel, coa única finalidade de poder levar a cabo a prestación dos nosos servizos e para a nosa xestión interna e axenda de contacto.

☐ Autoriza expresamente a que poidamos enviarlle información sobre os nosos servizos e comunicacións de cortesía por calquera medio de comunicación (ej. sms, e-mail, etc.). Senón esta de acordo marque a casilla.

En calquera momento poderán exercer os dereitos de acceso rectificación, cancelación e oposición ante O CONCELLO DE PARADELA / _____, á dirección do encabezamento deste acordo acompañando fotocopia do seu DNI.

Ambas as partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

Paradelas, _____ de _____ de 2 _____

A persoa usuaria

O/A técnico/a responsable

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

ANEXO VII- RENUNCIA Á SOLICITUDE

Nº de expediente

D/Dª _____

DNI _____ Data de nacemento _____

Enderezo _____

EXPOÑO:

Que solicitei o Servizo de Axuda no Fogar, no Departamento de Servizos Sociais deste Concello con data _____, e non estou interesado/a no mesmo.

Renuncio á mencionada solicitude, poñéndoo en coñecemento dese Departamento.

SOLICITO:

Que se proceda a archivar a dita solicitude.

Paradelas, _____ de _____ de _____

Asdo _____

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE PARADELA, para o exercicio das funcións e competencias atribuídas ó CONCELLO DE PARADELA na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección C/ CABALEIROS DE SANTIAGO, 15.- 27611.- PARADELA.- LUGO".

Advertese que a falsidade dos datos, así como a obtención ou gozo fraudulento das prestacións, poden ser constitutivas de sanción.

Sr/Sra. Alcalde/sa do Concello de Paradelas

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE PARADELA

Artigo 1º.- OBXECTO

É obxecto da presente ordenanza fiscal, de conformidade co establecido no artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 2.1.b e 20.1.b do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a ordenación da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Paradelá.

A prestación do servizo de axuda no fogar realizarase nos termos fixados no regulamento aprobado.

Artigo 2º.- FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O financiamento do servizo de axuda no fogar realizarase con cargo ás achegas do Concello, subvencións doutras administracións públicas e a taxa que corresponde satisfacer polas persoas usuarias.

Artigo 3º.- CÁLCULO DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO

a) Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

b) Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia por libre concorrência, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte ás regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente,



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelá

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 4º .- CONTÍA DA TAXA

A contía da taxa regulada nesta ordenanza fixarase de conformidade coas porcentaxes contidas nos seguintes apartados:

a) Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referida ao IPREM)	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II
	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200% e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215% e menor ou igual ao 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350% e menor ou igual ao 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400% e menor ou igual ao 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450% e menor ou igual ao 500%	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%

do IPREM						
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no Programa Individual de Atención (PIA), ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

b)- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, aplicárase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 3º b desta ordenanza.

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0 %
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1 IPREM	10 %
Maior de 1 e menor ou igual a 1,20 IPREM	12 %
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	15 %
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	20 %
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2 IPREM	30 %
Maior de 2 e menor ou igual a 2,20 IPREM	40 %
Maior de 2,20 e menor ou igual a 2,50 IPREM	50 %
Maior de 2,50 IPREM	60 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

O custo por hora do servizo, que ven determinado polos gastos derivados da contratación de persoal necesario para a súa prestación, fíxase na cantidade de 11 euros/hora.

Artigo 5º.- OBRIGA DE PAGAMENTO DA TAXA

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias da prestación do servizo de axuda no fogar, prestado por este concello.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

A obriga de pagar as taxas reguladas nesta ordenanza nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. As taxas contempladas nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

2. Por parte do concello e, sobre a base das horas prestadas ao usuario/a, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

3. As débedas derivadas da falta de pagamento da taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria, polo procedemento administrativo de constrinximento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Paradelas, publicada no BOP de Lugo, nº 117, de 25 de maio de 2009.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e permanecerá en vigor ata a data da súa derogación parcial ou total.

Paradelas, a 16 de maio de 2013. O Alcalde, Asdo. José Manuel Mato Díaz”.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ORDENANZA MUNICIPAL DE VERTEDEURAS E USO DO SISTEMA PÚBLICO DE SANEAMENTO EN BAIXA.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

“Considerando necesario proceder a aprobación da **ORDENANZA MUNICIPAL DE VERTEDEURAS E USO DO SISTEMA PÚBLICO DE SANEAMENTO EN BAIXA**, segundo se xustifica na memoria da alcaldía de data 20 de maio de dous mil trece, onde se recolle como razoamentos nos que se fundamente a proposta, da cumprimento aos artigos 45 da Constitución española; artigo 25 e 26 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local; 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade, así como ao texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo e da Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia; tendo en conta a construción da Depuradora do Polígono Industrial resultando necesario a existencia dun regulamento ou ordenanza para a concesión da autorización dos verquidos por parte do organismo Confederación Hidrográfica do Miño-SIL.

O Alcalde que suscribe, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Expediente de aprobación **ordenanza municipal de verteduras e uso do sistema público de saneamento en baixa.**

PRIMEIRO.- Aprobar, provisionalmente a ORDENANZA MUNICIPAL DE VERTEDURAS E USO DO SISTEMA PÚBLICO DE SANEAMENTO EN BAIXA.

SEGUNDO.- Expor ao público o expediente e conceder audiencia aos interesados, por prazo de trinta días a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme o preceptuado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra a mesma, considerárase definitivamente aprobada, debendo publicarse o Regulamento e a Ordenanza completa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

CUARTO.- A Ordenanza entrarán en vigor transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril unha vez se produza a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Paradela, 23 de maio de 2013. O ALCALDE, Asdo. José Manuel Mato Díaz”.

Intervén a Concelleira do grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López Izquierdo preguntando se nas zonas onde xa existe o saneamento dase por feito que están incluídos ou teñen que solicitalo unha vez aprobada a ordenanza.

Por parte do Sr. Alcalde respóndaselle que só o teñen que solicitar os novos, así como tamén manifesta que a Ordenanza abrangue todo o municipio xa que non é posible circunscribirla unicamente a zona do Polígono Industrial; sinalando asemade que os límites recollidos nos Anexos son os que ten fixados a Confederación Hidrográfica.

Procédese á votación a proposta, resultando aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos oito membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

ORDENANZA MUNICIPAL DE VERTEDURAS E USO DO SISTEMA PÚBLICO DE SANEAMENTO EN BAIXA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O artigo 45 da Constitución española outorga a todos o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado impondo o deber xeral de conservalo. Obriga a todos os poderes públicos a velar pola «utilización racional dos recursos naturais coa fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva»; establece que aqueles que violen o disposto anteriormente, nos termos que a lei fixe, serán sancionados, penal ou administrativamente, e estarán obrigados a reparar o dano causado.

O artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, establece que o municipio exercerá competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autonomas, en diversas materias en relación co medio ambiente; o artigo 26 obriga aos municipios a prestar, en todo caso, por si ou asociados, entre outros, os servizos “... rede de sumidoiros...”. Esta obriga prestacional vén así mesmo recollida no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade, atribúe no seu artigo 42, competencia aos municipios en materia de depuración de augas residuais.

No uso da potestade normativa recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e ao abeiro do previsto polos artigos 30, 33 e 34 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; no marco da lexislación estatal nomeadamente o texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo e da Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia, o Concello de Paradelas aproba a presente ordenanza xeral, co obxecto de regular o uso do servizo municipal de saneamento en baixa de augas residuais e as verteduras ao mesmo.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto regular o uso do servizo público municipal de saneamento en baixa de augas residuais, integrado basicamente pola rede municipal de sumidoiros e estacións depuradoras de augas residuais, e fundamentalmente a produción de verteduras ao dito sistema.

Artigo 2.- Finalidades

A ordenanza reguladora de verteduras e uso do sistema público de saneamento en baixa dítase para contribuír a acadar as finalidades seguintes:

- Regular o uso e o control dos sistemas públicos de saneamento de xeito que se garanta o bo funcionamento das obras e equipos que os constitúen.
- Garantir mediante os tratamentos previos axeitados que as augas residuais industriais que se verten aos sistemas cumpran os límites establecidos nesta ordenanza e nos permisos preceptivos.
- Garantir que as verteduras das plantas de tratamento, fosas sépticas e EDARs municipais, cumpren as esixencias establecidas na normativa vixente, para que non comporten efectos nocivos sobre o medio receptor e a saúde das persoas.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

A presente ordenanza aplícase ás verteduras de augas residuais de calquera orixe que se produzan á rede de sumidoiros municipal do Concello de Paradelas.

Artigo 4.- Definicións

Aos efectos desta ordenanza, enténdese por:

- a. Sistema público de depuración de augas residuais urbanas: conxunto de bens de dominio público constituído polas estacións depuradoras de augas residuais, as estacións de bombeo, e as redes de colectores xerais asociados.
- b. Redes de colectores xerais: aquelas instalacións que discorren desde os puntos de entronque das redes de sumidoiros, conducindo directamente (por gravidade ou por bombeo) as augas residuais recollidas ata a estación depuradora.
- c. Sistema público de saneamento en baixa: o conxunto de bens de dominio público constituído pola redes municipais de sumidoiros e as demais instalacións que, de acordo coa vixente normativa en materia de réxime local, son de competencia municipal.

d. Augas residuais urbanas: as augas residuais domésticas ou a mestura delas coas augas residuais non domésticas e/ou con augas de escorrentía pluvial.

e. Augas residuais domésticas: as augas residuais procedentes dos usos particulares das vivendas, xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas non industriais, comerciais, nin agrogandeiras.

f. Augas residuais non domésticas: as augas residuais vertidas desde establecementos nos que se efectúe calquera actividade comercial, industrial, agrícola ou gandeira.

g. Augas brancas: as augas que non foron sometidas a ningún proceso de transformación de xeito que a súa capacidade potencial de perturbación do medio é nula e que, polo tanto, non deben ser conducidas mediante os sistemas públicos de saneamento. As augas pluviais terán carácter de augas brancas ou de augas residuais urbanas en función do seu percorrido de escorrentía.

h. Usuarios domésticos: aqueles que verten augas residuais domésticas, na definición da letra e) anterior.

i. Usuarios non domésticos: aqueles que verten augas residuais non domésticas, na definición da letra f) anterior.

CAPÍTULO II. UTILIZACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EN BAIXA

Artigo 5.- Condicións previas para a conexión

Para a conexión dun usuario ao sistema público de saneamento en baixa é necesario que a rede se atope en servizo e que a vertedura do usuario cumpra as condicións establecidas nesta ordenanza.

Artigo 6.- Requisitos e características básicas da acometida ao sistema

O Concello de Paradela establecerá os requisitos e características físicas das acometidas ao sistema de augas residuais non domésticas, respetando o seguinte contido mínimo:

- Plano da rede de desaugue do interior do edificio en planta ealzada, a escalas respectivas 1:100 e 1:50, detallando expresamente os sifóns xerais e a ventilación aérea.
- Descrición das disposicións e dimensións axeitadas para un correcto desaugue, especificando o material, diámetro e pendente lonxitudinal.
- Instalación dun sifón xeral en cada construción ou instalación onde se produzan augas residuais non domésticas, para evitar o paso de gases. Entre a acometida da conducción e o sifón xeral do edificio dispoñerase dunha tubería de ventilación, sen sifón nin peche, á que poderán conducirse as augas pluviais sempre que, respetando a ventilación, os puntos laterais de recollida estean axeitadamente protexidos por sifóns ou reixas antimúridos.
- Todo establecemento que verta augas residuais non domésticas deberá ubicar, antes da conexión ao sistema e en todas e cada unha das conexións que posúa, unha arqueta de rexistro libre de calquera obstáculo e accesible en todo momento aos servizos competentes para a obtención de mostras e medición de caudais.
- Na devandita arqueta deberá dispoñerse, cando o permiso de vertedura así o estableza, dun elemento de aforo cun rexistro totalizador para a determinación exacta do caudal do efluente vertedura. Cando os volumes de auga consumida e os volumes de auga vertida sexan aproximadamente os mesmos, a medición da lectura do caudal de auga de abastecemento poderá utilizarse como aforo do caudal vertedura.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

- Os establecementos deberán procurar a unificación das verteduras xeradas polos procesos productivos e, ao mesmo tempo, respetarán as redes separativas, cando existan, de xeito que non poidan verter as augas pluviais na rede interna de augas residuais, e viceversa.

- As obras de acometida ao sistema de saneamento están suxeitas ás prescricións da normativa urbanística que resulte aplicable.

- Tódolos gastos derivados das actuacións de conexión ao sistema, así como os da súa conservación e mantemento, serán a cargo do usuario.

- As acometidas de verteduras domésticas deberán executarse, logo da autorización regulada no artigo 7 desta ordenanza, por instalador autorizado e baixo a supervisión de persoal municipal.

Artigo 7.- Condicións para a utilización do sistema público de saneamento.

Quedan obrigados a obter permiso de vertedura ao sistema público de saneamento, a respetar as prohibicións e limitacións establecidas nos anexos I e II, respectivamente, desta ordenanza os seguintes usuarios:

- a. Os usuarios non domésticos cuxa actividade estea comprendida nos correspondentes epígrafes da vixente CNAE-2009, equivalentes aos epígrafes C, D, E, F e H do CNAE-93, segundo os cadros de equivalencias entre a CNAE-93 e a CNAE-2009 elaborados polo Instituto Nacional de Estatística.
- b. Os usuarios cuxa vertedura sexa superior a 3.000 metros cúbicos anuais, ou ben aqueles cun volume de vertedura inferior pero que orixinen contaminación especial nos termos do artigo 40.4 da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia.

O resto de usuarios cuxa actividade xenere augas residuais domésticas quedan suxeitos ás regulamentacións que dicte o Concello, e en todo caso ás prohibicións establecidas no anexo I desta ordenanza. Nestes supostos, con carácter xeral, a sinatura do contrato de abastecemento de auga levará consigo a autorización de acometida a rede de sumidoiros e a alta do usuario neste servizo.

Artigo 8.- Prohibicións e limitacións

Está prohibido:

- A vertedura ao sistema de saneamento das sustancias relacionadas no anexo I desta ordenanza.

- A dilución para acadar os niveis de emisión que permitan a súa vertedura ao sistema, agás nos supostos de emerxencia ou de perigo inminente e, en todo caso, previa comunicación ao Concello.

- A vertedura de augas brancas ao sistema cando poida adoptarse unha solución técnica alternativa por existir no entorno da actividade unha rede separativa ou ben unha canle pública. Noutro caso, deberase obter un permiso específico do Concello de Paradelas para realizar estas verteduras.

As verteduras non domésticas que conteñan sustancias das relacionadas no anexo II desta ordenanza deberán respetar as limitacións alí establecidas, sen que poida admitirse a dilución para acadar os devanditos límites.

Artigo 9.- Permiso de vertedura

O permiso de vertedura ao sistema público de saneamento en baixa outórgase polo Concello de Paradela aos usuarios indicados no artigo 7.

O outorgamiento do devandito permiso faculta aos mencionados usuarios para realizar verteduras de augas residuais ao sistema público de saneamento nas condicións que neles se establezan.

Artigo 10.- Solicitud

Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 7 deben solicitar do Concello de Paradela o correspondente permiso de vertedura, e a estes efectos aportarán a documentación que se indica no anexo III desta ordenanza.

Artigo 11.- Procedemento

O procedemento para a obtención do permiso de vertedura no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integridades da contaminación, ou, no seu caso, na normativa de execución queaprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo.

Artigo 12.- Contido do permiso de vertedura

A resolución de outorgamento do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento que dicte o Concello de Paradela incluírá, como mínimo, os seguintes extremos:

- Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura.
- Os límites cuantitativos do volumen da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo en metros cúbicos por hora, ou, no seu caso, por día.
- A obriga de instalar, no prazo máximo dun mes desde a notificación da resolución, unha arqueta que permita o aforo e a toma de mostras da vertedura.
- A obriga de instalar na devandita arqueta un elemento de aforo do caudal de vertedura, cando este e o caudal de abastecemento sexan diferentes.
- Duración do permiso.
- O permiso de vertedura ao sistema poderá, ademais, establecer limitacións, condicións e garantías en relación aos horarios de vertedura.
- Definición das instalacións de tratamento previo da vertedura que resulten necesarias para acadar as condicións impostas, e prazo de execución delas.
- No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do anexo II, sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento nun prazo non superior a un ano desde a notificación da resolución; ou ben excepcións motivadas pola baixa saturación do sistema, tendentes a aproveitar ao máximo a súa capacidade de depuración, e sempre delimitadas no tempo e na carga.
- Realización de autocontroles por parte do titular do permiso, nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento.
- As demais que estableza o Concello de Paradela.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

En ningún caso o outorgamento do permiso de vertedura pode comprometer a consecución dos obxectivos de calidade do medio receptor do efluente depurado do sistema de saneamento.

O contido e as prescricións do permiso de vertedura que se outorgue a unha actividade incluída no ámbito da Lei 16/2002 do 1 de xullo, de prevención e control integridados da contaminación, integraranse na resolución que poña fin ao procedemento sinalado na devandita Lei.

A inspección, vixilancia e control do cumprimento das condicións do permiso de vertedura corresponde ao Concello de Paradelas, como Administración xestora do sistema.

Artigo 13.- Revisión do permiso de vertedura

Sen prexuízo do disposto na Lei 16/2002, o permiso de vertedura ao sistema deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, cando se alteren sustancialmente as circunstancias do momento do seu outorgamento, ou cando sobreveñan outras que xustificarian a súa denegación ou o seu outorgamento en termos diferentes.

En todo caso, procederase á revisión do permiso:

- Cando a carga contaminante vertida por unha actividade resulte significativa en relación co total tratado polo sistema e poida dificultar a súa depuración nas condicións axeitadas.
- Cando o efecto aditivo de verteduras das mesmas características poida dificultar o tratamento do sistema nas devanditas condicións axeitadas.
- No caso de que a revisión comporte a modificación das condicións da vertedura ao sistema, o Concello de Paradelas poderá conceder ao titular do permiso un prazo de adaptación que non excederá dun ano a contar desde a aprobación da revisión.

En ningún caso a revisión do permiso de vertedura comporta para o seu titular dereito a indemnización algunha.

Artigo 14.- Revogación do permiso de vertedura

O permiso de vertedura ao sistema poderá ser revogado nos seguintes supostos:

- Como consecuencia da revogación da autorización ou licenza que permita o desenvolvemento da actividade que causa a vertedura.
- Por incumprimento dos requirimentos efectuados para adecuar a vertedura ás condicións establecidas no permiso.
- Como medida aparelada a unha sanción.

Artigo 15.- Obrigas do titular do permiso de vertedura

O titular do permiso de vertedura debe cumprir as obrigas seguintes:

- Comunicar de xeito inmediato ao Concello de Paradelas, ou no seu caso á concesionaria explotadora do sistema, calquera avería do proceso productivo ou das súas instalacións de pretratamento que poida afectar negativamente á calidade da vertedura ao sistema.
- Comunicar de xeito inmediato ao Concello de Paradelas calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas e/ou cuantitativas da vertedura, aos efectos de proceder, no seu caso, á revisión do permiso.

- Adaptar a súa actividade e as súas instalacións ás medidas e actuacións que resulten do plan de emerxencia e seguridade do sistema, unha vez sexa aprobado polo Concello de Paradela.

- Cando se produza unha descarga ao sistema debida a caso fortuito, o titular do permiso de vertedura está obrigado a:

- Comunicar a descarga ao Concello de Paradela, ou no seu caso á concesionaria explotadora do sistema, especificando a identificación e ubicación da actividade, hora e causa da descarga, caudal e materias vertidas e as medidas adoptadas.

- Adoptar as medidas necesarias para minimizar os efectos negativos e os danos que poidan ocasionarse ao sistema.

Artigo 16.- Censo de verteduras ao sistema

O Concello de Paradela levará un censo de verteduras ao sistema no que inscribirá as verteduras sometidos a permiso, e no que constarán, como mínimo, os seguintes extremos:

- Nome, enderezo, CNAE e NIF do titular do permiso
- Datos básicos do caudal de auga de abastecemento e de vertedura
- Condicións básicas do permiso
- Situación administrativa do permiso

O censo de verteduras estará a disposición da Administración hidráulica de Galicia e da Administración hidráulica do Estado.

Artigo 17.- Vertedura mediante camións cisterna

Para efectuar verteduras ás instalacións de saneamento mediante vehículos cisterna será necesario que, sen prexuízo dos permisos ou autorizacións esixibles de conformidade coa lexislación aplicable en materia de residuos, o posuidor da vertedura obteña un permiso especial outorgado polo Concello.

Os verteduras mediante camións cisterna deberán respetar as prohibicións e limitacións establecidas nos anexos I e II desta ordenanza.

Exceptúanse das obrigas do apartado anterior as verteduras procedentes de foxas sépticas ou das limpeza dos sistemas públicos de saneamento, no referente aos parámetros DQO, DBO, MES, sulfuros, aceites e graxas, así como as diferentes formas de nitroxeno e fósforo contempladas no anexo II desta ordenanza.

En todo caso, a incorporación dos verteduras aportados por camións-cisterna pautarase de acordo coas indicacións ao respecto do responsable da estación depuradora, coa finalidade de evitar calquera alteración do proceso.

En ningún caso poderanse descargar camións-cisterna en estacións depuradoras que se atopen saturadas en canto á carga contaminante a tratar.

Tódolas verteduras de camións-cisterna deberán figurar nun rexistro a cargo do Concello de Paradela, ou no seu caso da compañía explotadora do sistema, no que constarán, polo menos, a identidade do transportista, o volume descargado e a súa procedencia.

CAPÍTULO III. INSPECCIÓN E CONTROL

Artigo 18.- Función inspectora

A función inspectora corresponde ao Concello de Paradela, en tanto que Administración xestora, respecto das instalacións ao seu cargo, e exercea:

Directamente, a través dos seus propios órganos que teñan atribuídas as funcións inspectoras.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Por medio de empresas ou profesionais colaboradores contratados ao efecto ou debidamente acreditados.

Artigo 19.- Obxecto e inicio da inspección

Poden ser obxecto de inspección as actividades ou instalacións cuxos verteduras poidan afectar ao sistema de depuración de augas residuais ou ao sistema de saneamento en baixa.

A actuación inspectora iniciase:

De oficio, ben sexa por iniciativa do órgano competente ou por orden superior. Por propia iniciativa do persoal inspector, cando aprecie un posible incumprimento das normas reguladoras dos verteduras. En virtude de denuncia.

Artigo 20.- Dereitos do persoal inspector.

No exercicio da súa función, o persoal inspector poderá:

- Acceder ás instalacións que xeran verteduras de augas residuais ou que poidan supoñer un risco de afección ás infraestruturas públicas, incluíndo o acceso á propiedade privada, sempre que non constituía domicilio das persoas.
- Efectuar notificacións e realizar requirimentos de información e documentación ou de actuacións concretas para a adecuación e mellora das verteduras de augas residuais.
- Proceder á toma de mostras de augas residuais e, no seu caso, de augas de proceso.
- Proceder á toma de fotografías ou outro tipo de imaxes gráficas, sen prexuízo do disposto na vixente normativa sobre segredo industrial.
- Levar a cabo calquera outra actuación tendente a averiguar a orixe das verteduras, o seu grao de contaminación e a súa afección sobre os sistemas de saneamento.

Artigo 21.- Deberes do persoal inspector.

O persoal inspector está obrigado en todo momento a:

- Observar o respecto e consideración debidos ás persoas interesadas, previa identificación e acreditación da súa personalidade.
- Informar aos interesados, cando así sexan requiridos, dos seus dereitos e deberes en relación cos feitos obxecto da inspección, así como das normas que deben cumprir os titulares das verteduras.
- Obter toda a información necesaria respecto dos feitos obxecto de inspección e dos seus responsables, accedendo, se é necesario, aos rexistros públicos existentes.
- Gardar sixilo profesional e observar segredo respecto dos asuntos que coñeza por razón do seu cargo e actividade pública.

Artigo 22.- Desenvolvemento da actividade inspectora

Cando o inspector se persoe no lugar no que radiquen as instalacións a inspeccionar poñerá en coñecemento do seu titular o obxecto das actuacións, previa identificación mediante exhibición do documento que lle acredite para o exercicio das súas funcións inspectoras, no que constarán a súa adscrición ao Concello de Paradelas, o seu nome e apelidos e o número do documento nacional de identidade.

As actuacións inspectoras realizaranse en presenza do titular das instalacións. No caso de persoas xurídicas, considerarase o seu representante a quen legalmente ostente dita condición. No caso de ausencia do titular ou representante, as actuacións entenderanse con calquera persona presente nas instalacións, facendo constar a súa vinculación con elas. Non será obstáculo para a realización das actuacións a negativa ou imposibilidade do titular ou representante de estar presente durante a súa práctica, sempre que así se faga constar nas actuacións que documenten a inspección.

O interesado está obrigado a permitir o acceso do persoal inspector ás instalacións, a toma de mostras e medicións e a suministrar a información que se lle requira en relación cos feitos inspeccionados.

No caso de obstaculización das actividades inspectoras, o inspector o fará constar así e poderá proceder á toma de mostras de augas residuais desde o exterior do recinto das instalacións, ou ben poderá desistir delo.

Artigo 23.- Documentación das actuacións inspectoras.

As actuacións inspectoras documentaranse nunha acta, na que constarán como mínimo os datos indicados no anexo IV da presente ordenanza, e na que tanto o inspector como o interesado poderán facer constar as observacións que consideren oportunas.

No caso de que o comparecente se negue a asinar a acta ou a recibir a mostra contradictoria, o inspector o fará constar así, autorizando a acta coa súa sinatura e entregando unha copia ao interesado, deixando igualmente constancia no caso de que este se negara a recibila.

Os feitos constatados nas actas terán valor probatorio, cos efectos previstos na vixente normativa xeral de procedemento administrativo.

No caso de que o levantamento ou sinatura da acta se produzan sen a presenza do titular ou representante do establecemento produtor da vertedura, notificaráselle o documento aos efectos de que poidan presentar cantas alegacións e probas consideren convintes no prazo de dez días.

Artigo 24.- Toma de mostras.

A toma de mostras de augas residuais levarase a cabo de acordo co seguinte procedemento:

- Punto de toma de mostras. A mostra tomarase da arqueta de rexistro, se existe, ou no seu defecto no último punto accesible de saída das augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de saneamento e a calquera dilución.
- Preparación da mostra. Para a obtención da mostra tomarase nun recipiente unha cantidade de efluente suficiente para poder dividila en tres submostras en senllos recipientes de material axeitado ás determinacións analíticas que se vaian realizar. Os recipientes enxaugaranse previamente co mesmo efluente obxecto da mostraxe.
- As mostras así obtidas precintaranse e identificaranse, quedando dúas en poder do inspector, a primeira para efectuar as determinacións analíticas e a segunda para a práctica dunha eventual análise dirimente, e a terceira ofrecerase ao interesado, aos efectos de que poida proceder, se o estima oportuno, á práctica da análise contradictoria.
- A natureza dos envases, a súas condicións de preservación, así como os métodos analíticos dos diferentes parámetros serán os que figuran no anexo V da presente ordenanza.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

- Poderá prescindirse da toma de mostras para determinar as súas características contaminantes cando se trate de verteduras de natureza inequívocamente doméstica ou gandeira que non dispoña de tratamento e o persoal inspector así o faga constar expresamente na acta, indicando, no caso de verteduras gandeiras, a especie animal á que pertencen.

Artigo 25.- Práctica das análises.

Para a práctica da análise inicial e do contradictorio deberá entregarse ao laboratorio de que se trate a mostra correspondente, debidamente conservada a temperatura non superior a 4 graos centígrados, no prazo máximo de 72 horas desde a toma de mostras, aos efectos de iniciar o procedemento de análise nese prazo.

As determinacións analíticas da mostra inicial e da contradictoria levaranse a cabo en entidades colaboradoras da Administración debidamente acreditadas, ou ben en laboratorios de recoñecida solvencia contratados polo Concello.

O laboratorio ao que se encargara a práctica da análise inicial deberá entregar os resultados ao Concello no prazo de vinte días naturais dende o depósito da mostra, procedendo este a comunicalos de xeito inmediato ao interesado.

A folla de resultados analíticos, tanto na análise inicial como na contradictoria, expresará en todo caso a data de recepción da mostra, de inicio e de remate da análise, así como os métodos analíticos empregados. No seu caso, farase constar igualmente o estado de conservación da mostra á súa chegada ao laboratorio.

Pola súa parte, o interesado deberá comunicar ao Concello os resultados da análise contradictoria en canto dispoña deles.

A práctica da análise dirimente, a solicitude de calquera das partes, levarase a cabo no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, creado por Decreto 164/1999, sempre que este dispoña de capacidade técnica e de persoal para analizar os parámetros de que se trate. No caso de non dispoñer dos medios necesarios, o Concello designará outro laboratorio para a realización do ensaio dirimente. Námboles dous casos, a Administración xestora comunicará ao interesado con antelación suficiente o lugar, data e hora onde se levará a cabo, aos efectos de que poida estar presente nas operacións, asistido, se o estima oportuno, de persoal técnico. En ningún caso tomarase en consideración a petición de análise dirimente transcorridos dous meses desde a data da toma de mostras.

Os gastos xerados pola práctica da análise contradictoria irán sempre a cargo do interesado. Os gastos da análise dirimente irán a cargo do Concello de Paradelas ou do interesado, respectivamente, en función de que os seus resultados confirmen os obtidos na análise contradictoria ou ben a orixinalmente practicada pola Administración.

CAPÍTULO IV. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 26.- Infraccións

Consideranse *infraccións de carácter leve*:

- A vertedura ao sistema de depuración ou de saneamento de augas residuais de natureza doméstica sen contar coa autorización regulada polo artigo 7, ou sen respetar as características das acometidas.

- O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura, sempre que non se causen danos ao sistema público de depuración ou de saneamento, ou ben cando estes danos non superen os 3.005,06 euros.

- As accións e omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento do sistema público de depuración ou de saneamento inferiores a 3.005,06 euros.

- A obstaculización das funcións de inspección, vixilancia e control que leve a cabo a Administración, a desobediencia aos seus requerimentos de información ou en relación coa adecuación de verteduras ou instalacións ás condicións regulamentarias.

- Calquera incumprimento das obrigas do conxunto normativo de regulación do servizo que non teña atribuído outra calificación.

Consideranse *infraccións graves*:

- A vertedura ao sistema de depuración ou de saneamento de augas residuais de natureza distinta á doméstica sen contar co permiso correspondente.

- A realización de verteduras das sustancias prohibidas relacionadas no anexo I desta ordenanza.

- O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura, sempre que se causen danos ao sistema público de depuración ou de saneamento superiores a 3.005,06 euros e ata 15.025,30 euros.

- As accións e omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento do sistema público de depuración ou de saneamento superiores a 3.005,06 euros e ata 15.025,30 euros.

- A ocultación ou falsificación de datos determinantes para o outorgamento do permiso de vertedura.

- A falla de comunicación das situacións de emerxencia ou perigo, ou o incumprimento das ordes da administración municipal derivadas de situacións de perigo ou emerxencia.

- A reincidencia na comisión de dúas ou máis infraccións leves no período dun ano.

Consideranse *infraccións moi graves*:

- Calquera conducta indicada no apartado 2 da que se deriven danos ou perdas para o sistema de depuración ou de saneamento superiores a 15.025,30 euros.

- O incumprimento das ordes de suspensión de verteduras non permitidas.

- A reincidencia na comisión de dúas ou máis infraccións graves no período dun ano.

Artigo 27.- Sancións

As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 750,00 euros.

- Infraccións graves: multa entre 750,01 e 1.500,00 euros.

- Infraccións moi graves: multa entre 1.500,01 e 3.000,00 euros.

As sancións graduaranse en función da reincidencia do infractor, da súa intencionalidade, do beneficio obtido e da afección producida ao sistema de depuración ou de saneamento, ou á calidade do medio receptor.

Artigo 28.- Órganos competentes

O Alcalde-Presidente é o órgano competente para sancionar as infraccións leves e graves, sendo competencia do Pleno a sanción das infraccións moi graves.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

En todo caso, corresponde a incoación dos expedientes ao Alcalde-Presidente ou, no seu caso e previa delegación, ao Concelleiro competente na materia.

Artigo 29.- Procedemento

O procedemento para a tramitación dos expedientes será o previsto na vixente normativa xeral de procedemento administrativo común.

Serán sancionadas pola comisión de infraccións as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables delas aínda a título de mera inobservancia.

Con independencia da sanción que se lles imponha, os infractores serán obrigados a reparar o dano causado, podendo o Concello de Paradelas, se procede, exercer as facultades de execución subsidiaria previstas na Lei.

Os prazos de prescrición das infraccións e das sancións serán os previstos na vixente normativa xeral de procedemento administrativo común.

O prazo para a resolución dos expedientes sancionadores será dun ano, que se contará desde a súa incoación.

Artigo 30.- Medidas cautelares

O órgano competente para incoar os expedientes poderá adoptar as medidas seguintes:

- Ordear a suspensión provisional dos traballos de execución de obras ou instalacións que contradigan as disposicións desta ordenanza ou sexan indebidamente realizados.
- Requerir ao usuario para que, no prazo que se lle indique, introduza as medidas técnicas necesarias que garantan o cumprimento das prescricións desta ordenanza.
- Ordear ao usuario que, no prazo que se lle fixe, introduza nas obras ou instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás condicións do permiso de vertedura ou ás disposicións desta ordenanza.
- Ordear ao usuario que, no prazo que se lle indique, proceda á reparación e reposición das obras e instalacións ao seu estado anterior e á demolición do que fora indebidamente construído ou instalado.
- Impedir os usos indebidos das instalacións para o que non se teña obtido permiso, ou cando non se axusten ao seu contido ou ás disposicións desta ordenanza.
- Ordear a clausura ou precintado das instalacións de vertedura en caso de que non sexa posible tecnicamente ou economicamente evitar o dano mediante as oportunas medidas correctoras.

As medidas relacionadas no apartado anterior poden ser adoptadas, con carácter de cautelares e a reserva da resolución definitiva que se adopte no expediente, simultaneamente á incoación do procedemento sancionador, ou ben en calquera momento da súa instrución, e poden manterse de xeito continuado.

Artigo 31.- Valoración de danos

A valoración dos danos ás obras hidráulicas aos efectos da aplicación do réxime sancionador a que se refire o presente capítulo determinarase en función dos gastos de explotación e, no seu caso, de reposición de aquelas.

Os danos ás obras hidráulicas que conforman os sistemas de depuración e de saneamento calcularanse en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de

explotación das instalacións públicas afectadas en relación co caudal e carga contaminante da vertedura de que se trate.

Os servizos competentes do Concello determinarán, de acordo cos orzamentos aprobados ao efecto e ás correspondentes certificacións, os gastos de explotación repercutibles ao responsable da vertedura de que se trate.

A valoración de danos que servirá de base para a calificación da infracción, para a cuantificación da sanción e, no seu caso, da indemnización que deba impoñerse, resultará do cálculo a que se refire o apartado segundo multiplicado polo número de días que se considere que a vertedura se mantivo en situación irregular.

Aos efectos do disposto no apartado anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período no que a instalación pública de saneamento ou de depuración de augas residuais quedara afectada pola vertedura irregular, aínda que este fora de carácter puntual. En calquera caso, considerárase que a vertedura irregular se mantivo durante, alomenos, un día.

Nos supostos de verteduras que non dispoñan de tratamento e que deriven dunha actividade non ocasional, presumirase, salvo proba en contrario, que a calidade deles se mantén indefinidamente.

Asimesmo presumirase o mantemento da calidade da vertedura durante o período que medie entre dúas ou máis tomas de mostras consecutivas cuxos resultados amosen incumprimentos da normativa vixente ou dos límites impostos no correspondente permiso.

Disposición transitoria única.

Os titulares de instalacións existentes á entrada en vigor desta ordenanza que deban obter o permiso de vertedura regulado nela, deberán instalalo ante o Concello de Paradelas no prazo de DOUS ANOS a partir da devandita data.

ANEXO I: VERTEDURAS PROHIBIDAS

- a. Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por sí soas ou por integración con outras, produzan obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento.
- b. Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles en auga, combustibles ou inflamables.
- c. Aceites e graxas flotantes.
- d. Substancias sólidas potencialmente perigosas.
- e. Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión.
- f. Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por sí mesmas ou por integración con outras poidan orixinar:
- g. Calquera tipo de molestia pública
- h. A formación de misturas inflamables ou explosivas co aire
- i. A creación de atmósferas molestas, insalubres, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema
- j. Materias que, por sí mesmas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou perxudicar ao persoal encargado da súa limpeza e conservación.

- k. Residuos de natureza radioactiva.
- l. Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais.
- m. Os que por sí mesmos ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de sumidoiros, dean lugar a concentracións de gases nocivos na atmósfera da rede de sumidoiros superiores aos seguintes límites: Dióxido de carbono: 15.000 ppm, Dióxido de xofre: 5 ppm, Monóxido de carbono: 25 ppm, Cloro: 1 ppm, Ácido sulfhídrico: 10 ppm, Ácido cianhídrico: 4,5 ppm
- n. - Residuos sanitarios definidos na vixente normativa nesta materia.
- o. - Residuos procedentes de sistemas de pretratamento e de tratamento de augas residuais
- p. - Residuos de orixe pecuario

ANEXO II.- VERTEDURAS LIMITADAS.

As verteduras de augas residuais á rede de alcantarillado non deberán sobrepasar as seguintes concentracións máximas que se relacionan:

Parámetros	Valor límite	Unidade
Temperatura	40	°C
PH	6-10	UpH
MES	750	mg/l
DBO5	750	mg/l O ₂
DQO	1500	mg/l O ₂
Aceites e graxas	250	mg/l
Cloruros	2500	mg/l Cl
Conductividade	6000	uS/cm
Dióxido de cofre	15	mg/l SO ₂
Sulfatos	1000	mg/l SO ₄ ²

Do mesmo xeito, as verteduras á rede deberán cumprir os seguintes límites de substancias perigosas.

PARAMETRO	VALORES LIMITES
Aluminio(mg/l)	1
Arsénico(mg/l)	0,5
Bario(mg/l)	20
Boro(mg/l)	2
Cadmio(mg/l)	0,1
Cromo III(mg/l)	2
Cromo IV(mg/l)	0,2

Hierro(mg/l)	2
Manganeso(mg/l)	2
Niquel(mg/l)	2
Mercurio(mg/l)	0,05
Plomo (mg/l)	0,2
Selenio(mg/l)	0,03
Estaño(mg/l)	10
Cobre(mg/l)	0,2
Cinc(mg/l)	3
Tóxicos metálicos(J)	3
Cianuros(mg/l)	0,5
Cloruros(mg/l)	2.000
Sulfuros(mg/l)	1
Sulfitos(mg/l)	1
Sulfatos(mg/l)	2.000
Fluoruros(mg/l)	6
Fósforo total(mg/l)	10
Fósforo total(mg/l)	0,5
Amoníaco(mg/l)	15
Nitrógeno nítrico(mg/l)	10
Aceites y grasas(mg/l)	20
Fenoles(mg/l)	0,5
Aldehidos(mg/l)	1
Detergentes(mg/l)	2
Pesticidas(mg/l)	0,05

ANEXO III.- SOLICITUDE DE PERMISO DE VERTEDURA AO SISTEMA

Solicitud: nome, domicilio social, dirección do establecemento, teléfono, distrito postal, localidade, NIF; características da actividade productiva, caudais de vertedura en m³/ano e m³/día, identificación do sistema de saneamento ao que se pretende verter.

Proxecto técnico das obras:

a) Antecedentes:

Obxecto: obtención do permiso de vertedura ou a súa revisión (neste último caso, adxuntarase copia do permiso vixente). Características da localización e emprazamento da actividade. Punto de conexión ao sistema de saneamento

b) Memoria descriptiva

Datos de produción: actividade desenvolvida, materias primas empregadas e produtos resultantes expresados en tn/ano. Procesos industriais. Balance de augas: fontes de abastecemento, título concesional, volume abastecido e a súa distribución no proceso industrial, volumen de vertedura. Características do efluente: análise de cada punto de vertedura.

c) Memoria técnica das instalacións de tratamento:

Sistemas e unidades de tratamento: descripción do sistema de tratamento existente, con cálculos hidráulicos do dimensionamento (volúmenes, cargas hidráulicas, tempos de retención) e xustificación de operacións unitarias e procesos; descripción detallada de equipos instalados, potencias de bombeo, materiais de construción; medidas de seguridade para evitar verteduras accidentais, instrumentos de control



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

propostos, proposta de seguimento e control da calidade do efluente, produción, cantidade e destino dos residuos xerados.

Planos: situación dentro do concello (1:50.000); situación xeral do establecemento (1:5.000); detalle do establecemento (1:1.000); planta e alzado do sistema de depuración (1:100)

No caso de que as instalacións de tratamento ocupen propiedades de terceiros, deberase acompañar autorización expresa do titular do terreo

Cando o exercicio da actividade comporte a utilización de tanques de almacenamento enterrados, deberase presentar un estudo de avaliación dos efectos medioambientais que incluíra a avaliación das condicións hidroxeolóxicas da zona afectada, do eventual poder autodepurador de solo e subsolo, e dos riscos de contaminación. Tamén se fará constar a eventual proximidade de captacións de auga, así como as precaucións técnicas adoptadas para evitar a percolación e a infiltración de hidrocarburos.

Plan de emerxencia do sistema dacordo coa lexislación sectorial aplicable.

ANEXO IV.- CONTIDO DA ACTA DE INSPECCIÓN E OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN XESTORA

1. As actas que documenten as actuacións inspectoras, indicadas no artigo 23 desta ordenanza, deberán incluír, como mínimo, a información seguinte:

Identificación da Administración xestora do sistema e do persoal actuário

Identificación e localización do suxeito pasivo da inspección, da actividade e dos sistemas de tratamento de que dispoña

Ubicación e descrición do punto de toma de mostras, e do sistema en que se realiza a vertedura, incluíndo, se procede, o nome da EDAR

Caudal da vertedura (medido ou estimado), tipo de mostra (puntual ou integrada), e parámetros a analizar

Obrigas formais: constancia ou non de sinatura do interesado, da súa aceptación ou rexeitamento da mostra xemelga, e do libramento de copia da acta

2. O Concello de Paradelas conservará copia destas dilixencias e dos seus resultados analíticos a disposición de Augas de Galicia.

ANEXO V.- CONDICIÓN DE PRESERVACIÓN DE MOSTRAS E MÉTODOS ANALÍTICOS.

PARÁMETROS A ANALIZAR	TIPO DE ENVASE (1)	TÉCNICA DE PRESERVACIÓN (2)	VOLUME DE MOSTRA ORIENTATIVO OU RECOMENDADO (3)	METODO ANALÍTICO
Temperatura	Indiferente	A realizar in situ	-----	
PH	Indiferente	-----	-----	
Conductividade	Indiferente	Refrigeración	500 mL	
Sales Solubles	Indiferente	Refrigeración	500 mL	Norma Afnor T 90-111
Materias en Suspensión (MES)	Indiferente	Refrigeración	300 ML, podendo reducirse a mayor concentración	Filtración en discos de fibra de vidro (Norma UNE-EN 872) ou

				Centrifugación según Norma Afnor T 90-1054-2
Demanda Quimica de Osixeno (DQO)	Indiferente (vidro no caso de valores baixos)	Acidificación ata pH<2 con H2 SO4 e refrixeración	100 mL	Método do Dicromato Potásico (Norma Afnor T 90-101) ou Norma UNE 77-004-89
Demanda Bioquímica de Osixeno (DBO5)	Indiferente (vidro no caso de valores baixos)	Refrixeración	300 Ml, podendo reducirse a mior concentración. En todo caso, recomendable enche-la totalidade do envase	
Aceites e graxas ou Hidrocarburos	Vidro de boca ancha	Acidificación ata pH<2 con H2SO4 ou HCl	50 ml	
Materias inhibidoras	Vidro	Refrixerar ou conxelar en función do tempo de almacenamento previo a análise	En función do número e tipo de parámetro	Inhibición da luminiscencia de Vidrio fischeri (Norma UNE-EN-ISO 11348-3) ou inhibición da mobilidade dde Daphnia Magna-Strauss (Norma UNE-EN-ISO6341)
Resto de parámetros (N-NH4, NTK, N-NO3, N-NO2, SO4 ⁻³ , etc, excepto os descritos a continuación	Indiferente	Refrixeración	En función do número e tipo de parámetro	
Cianuros	Indiferente	Adición de NaOH ata pH>12, refrigeración na oscuridade	1 L	
Fosfato	Vidro	Refrigeración	100 ml	
Fósforo total	Vidro	Refrigeración	100 ml	
Cor	Indiferente	Refrigeración	500 ml	
Cloruros	Indiferente	-----	50 ml	
Fluoruros	Plástico	-----	100 ml	
Metais pesados (excepto mercurio e Cr VI)	Plástico ou Vidro lavado con H2NO3	Acidificación ata pH<2 con H2NO3	100 ml, por metal	Ultima versión da Norma UNE-EN-ISO correspondente a cada metal. Específicamente, UNE-EN-ISO 5961 para Cadmio e UNE-EN-ISO 1233 para Cromo
Mercurio	Plástico ou vidro lavado con H2NO3	Acidificación ata pH<2 con H2NO3 e refrixeración a 4 °C	100 ml	Norma UNE-EN 1483
Cr VI	Indiferente	Refrixerante	100 ml	
Sulfuros	Plastico ou Vidro	Refrigeración e adición de 4 gotas de Acetato de Zn 2N/100 ml de mostra	100 ml	



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

		e NaOH ata Ph>9		
Fenois	Indiferente	Refrigerar e acidificar ata pH <2 con H ₂ SO ₄	500 ml	
Microbioloxía	Plastico ou vidro estéril	Refrixeración	1 L., sin encher completamente e abrindo o envase baixo a auga	
Pesticidas	Vidro lavado con solventes orgánicos e tapón de vidro ou teflón	Refrigeración, adición de 1 g/L de ácido ascórbico si existe cloro residual	1 L	
Copostos volátiles: disolventes clorados e/ou BTEX e disolventes non clorados	Vidro (tapón de vidro ou teflón)	En xeral, refrigeración e acidificación ata Ph<2 con HCL, aínda que as particularidades para cada composto haberán de consultarse o laboratorio onde se realizará a analítica	100 ml, enchendo completamente o envase	

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/2013, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

“Vista a execución do orzamento 2013, analizados os saldos dipoñibles nas distintas partidas orzamentarias dentro de cada área de gasto, observáse a necesidade de transferir crédito entre as distintas partidas das áreas de gasto, xa que nalgúñas existe un saldo disponible que excede do que se prevé que se vai a gastar, mentras que noutras partidas ese saldo considerase insuficiente para facer fronte aos gastos que se pretende executar no que resta do exercicio de 2013.

O que se propón e transferir créditos destinados á inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral; dende a área de gasto 4 (actuacións de carácter económico) xa que se preveu no orzamento inicial un importe de 121.000,00 €, para reposición e rexeneración de camiños públicos; a área de gasto 3 relativa a produción de bens públicos de carácter preferente no que se inclúe a política de gasto referente a deporte co fin de dotar crédito para a obra de reparación da piscina municipal en base ao feito imprevisto das fortes choivas e temporais acaedidos durante o inverno, que provocaron o derrubamento dos muros de contención.

Tendo en conta o exposto, emítase informe pola Secretaria-Intervención sobre a seguinte proposta de transferencia de crédito:

Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 50.000,00 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
3	61	Produción de bens públicos de carácter preferente. Inversión de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.	50.000,00

Baixas en partida de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
4	61	Actuacións de carácter económico. Inversión de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	50.000,00

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 3/2013, primeira de competencia de Pleno, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resume:

Créditos a minorar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
4	61	Actuacións de carácter económico. Inversión de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	50.000,00

Créditos a incrementar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
3	61	Produción de bens públicos de carácter preferente. Inversión de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.	50.000,00

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela a 23 de maio de 2013. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”

Non producíndose debate algún, a proposta resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos oito membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

7º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2013.

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao primeiro trimestre de 2013, co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A fiscalización exércese de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante) , emitíndose o seguinte informe na estrita orde económica, con relación **ao artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 40 días.**

CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, **o presente informe limitase ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de marzo de 2013.**

LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluíra necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

No apartado 4.4 do referido artigo establécese:

Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do

Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

Queda claro que do mencionado precepto derívase a **obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei** para o pago das obrigas do Concello de Paradela, **que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes** nas que se estea a incumplir o prazo, así como a obriga **de remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial**, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumprimentar debidamente os informes requiridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, **PROPOÑÉNDOSE:**

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradela, pois aínda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local,”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas a continuación.

INFORME DE PAGOS REALIZADOS:

Nº pagos realizados dentro período legal de pago	Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago	Nº pagos realizados fóra período legal de pago	Importe total de pagos realizados fóra período legal de pago
32	14.488,78 €	107	223.354,12 €

INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

Nº de operacións pendentes dentro periodo legal de pago	Importe total de operacións pendentes dentro periodo legal de pago	Nº de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago	Importe de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago
22	17.700,96 €	41	77.770,62 €



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: **0,00 €**

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA : **NINGUNHA**

Paradela, 10 de abril de 2013. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por entreado.

8º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO REXEITAMENTO DO REPAGAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista instando ao rexeitamento do repagamento dos comedores escolares, co seguinte tenor literal:

“MOCIÓN INSTANDO AO REXEITAMENTO DO REPAGAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES”

O Grupo Municipal Socialista no concello de Paradelas, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia veu de anunciar nas primeiras semanas do mes de Marzo un incremento nas taxas polo uso dos comedores escolares limitando o acceso aos mesmos a unha gran parte dos alumnos/as e encarecendo notablemente o uso dos mesmos, con criterios estritamente economicistas.

O mantemento dos servizos públicos susténtanse nos principios de solidariedade e progresividade fiscal. A Xunta de Galicia rechazou recentemente, na tramitación dos presupostos autonómicos do 2013, unha proposta do PSdeG-PSOE referida ao incremento do tipo máximo no tramo autonómico do IRPF para as rentas máis altas na procura de mellorar a progresividade fiscal en Galicia co único argumento de que a efectividade recadatoria da medida proposta polo PSdeG-PSOE sería “irrelevante”.

Na mesma tramitación dos presupostos, o PSdeG-PSOE tamén propuxo a creación dun imposto á banca sobre os depósitos, proposta esta que o PP rexeitou co seu voto en contra no Parlamento de Galicia. Feijoo negouse a apoiar todas estas iniciativas propostas polo PSdeG renunciando así a medidas que afondaban na progresividade fiscal e na idea de que paguen “máis o que máis ten”

Agora o PP por voz do seu Conselleiro de Educación utiliza o argumento de que “pague máis o que máis ten” para estender e endurecer un repago polo uso dos comedores escolares nun novo ataque á clase media traballadora polo uso dun servizo básico educativo. Esta medida suporá, por exemplo, que moitas familias con dous fillos teñan que pagar 198€ polo uso do comedor no vindeiro mes de Abril do ano 2014.

En lugar de incrementar o IRPF para as rentas máis altas ou crear un novo imposto á banca, a Xunta de Galicia prefere subir as taxas polo uso dos comedores escolares ao tempo que despide a miles de profesores e se gasta máis de 3 millóns de

euros ao ano na subvención de colexios vinculados á igrexa e declarados ilegais por segregar ao seu alumnado por razón de sexo ou manter intactos os 28 millóns de € que se destinan ao ensino da relixión nos colexios.

Polo exposto, e ante o novo ataque do Partido Popular aos cidadáns galegos, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela presenta para o seu debate e posterior aprobación, a seguinte

MOCIÓN

- *O Concello de Paradela manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta para o vindeiro curso, por ser un novo golpe ás clases medias traballadoras.*

En Paradela a 20 de marzo 2013

Asdo. Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello Paradela.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE PARADELA”.

Dona Sonsoles López, voceira do grupo municipal Socialista di que deste tema xa se ten falado bastante, van varios meses dando caña con este tema, pero parece que non hai posibilidade de escoita por parte do PP, e aínda que no día de hoxe hai unha reunión as esperanzas son poucas.

Di que parece increíble que este tema non se resolva e máis polas descompensacións que se van producir no rural, xa que para os pequenos transportados o comedor non é unha opción é unha necesidade e vincular o copago á renda xerará moitos agravios. Unha vez máis o Partido Popular mentiu ao decir que a educación era un tema onde non habería recortes e o final si se toca.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que unha vez máis neste debate non coincidimos en absoluto, xa que ao final da lexislatura haberá máis de once mil prazas de comedor escolar gratuito que co bipartito. Os grandes beneficiarios serán as familias con menos ingresos, acadando unha medida equitativa e social que vén a poñer solución a un copago instaurado polo bipartito que non era xusto para as familias que menos ingresos teñen, polo que as rendas máis baixas terán gratuidade total o que implica unha maior cobertura social; pagando máis quen máis ten.

O Sr. Alcalde procedeu a dar lectura a unhas táboas con exemplos prácticos reais onde se establecía en función do número de persoas que forman a unidade familiar e a súa renda, a porcentaxe que lle correspondería pagar polo comedor, onde as ANPAS van a ser as grandes beneficiarias do novo sistema, para rematar dicindo que se oponen á Moción por ser gratuita e demagóxica.

A voceira do grupo municipal socialista di que a Moción presentada é xusta, e o que non pode facer o goberno é pedir e ter que presentar a renda por cada servizo que presta, senón que coa súa presentación unha vez en función da mesma pagar unha soa vez. Ademais os tramos que se establecen xeran moitas desigualdades, onde se plasma de xeito moi palpable a ideoloxía do partido popular non a práctica de bo goberno; ademais xa se están a producir problemas de alimentación nos pequenos, por iso só lle queda que os que non comen ben que recen; hai que gravar as persoas polo que ingresan e dar servizos públicos gratuitos e de calidade e non facer divisións e poñer etiquetas; xa que se está a volver aos anos sesenta diferenciando entre ricos e pobres.

O Sr. Alcalde di que non se pode impoñer a onde hai que levar aos rapaces; e hai que ver a que colexios levan aos seus fillos os dirixentes do partido socialista.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Dona Sonsoles López intervén para dicir que ese non é o debate, e que se centre no mesmo, os país poden levar os fillos aos colexios que elixan

O Sr. Alcalde di que se a proposta do seu partido non é proporcional que veña Dios e o vexa, e nos comedores escolares de Galicia non hai eses problemas de fame que vostede di senón noutras comunidades autónomas como Andalucía onde gobernan os socialistas.

Procédese a votación da Moción, resultando rexeitada cos oitos votos en contra dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular; polos dous a favor do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

9º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA (LOMCE).

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista relativa á retirada do anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), co seguinte tenor literal:

“MOCIÓN SOBRE A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA (LOMCE)”

O Grupo Municipal Socialista no concello de Paradelas, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A educación en España mellorou extraordinariamente nos últimos anos, tal e como testemuñan os estudos de organismos internacionais. Hoxe os niveis de escolarización son máis altos que nunca en todas as etapas educativas, a porcentaxe de abandono escolar prematuro diminuíu substancialmente nos últimos anos, e somos un dos países que máis avanzou nos últimos anos en rendemento e equidade. O resultado é que hoxe dispomos dun sistema educativo cun nivel crecente de calidade, organizado como un servizo público universal, que chega a toda a poboación en condicións de igualdade e de calidade.

O último impulso a este avance prodúcese en 2006, cando tras un intenso debate e un diagnóstico rigoroso, apróbase a Lei Orgánica de Educación cun altísimo grao de acordo entre comunidade educativa, organizacións sociais e forzas políticas. Esta lei xunto ao aumento sostido durante varios anos dos orzamentos para educación, permitiron un enorme avance nos obxectivos da estratexia da UE para o 2020.

Estes logros están agora en perigo ao presentar o Goberno de Mariano Rajoy un novo anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa de carácter extremadamente conservador, regresivo para a educación pública e que supón un cambio profundo na organización da educación en España. A realidade é que para a súa elaboración serviuse dos seus principios ideolóxicos, renunciando á elaboración dun diagnóstico rigoroso, compartido e coherente das necesidades e obxectivos educativos para os próximos anos.

Esta nova reforma abre un camiño tan inxusto como ineficaz posto que asume que segregando pronto aos mozos redúcese o fracaso escolar. As medidas propostas van claramente encamiñadas a excluír canto antes do sistema escolar precisamente a quen máis necesitan da escola, e a formar aos nenos e aos mozos expresamente con criterios competitivos.

Un Anteproxecto de Lei que se utiliza como elemento arreboladizo entre españois e busca degradar as linguas cooficiais, á vez que promove un proceso de re-centralización que obvia a contribución das CCAA á mellora da educación en España.

Desde logo, non se entende que razóns, fóra das puramente ideolóxicas, avalan o fortalecemento do ensino da relixión católica e permiten eliminar a formación cívica da Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos.

Un anteproxecto de Lei que mostra unha desconfianza preocupante cara ao docente e que pon toda a súa fe nas reválidas, as avaliacións e o rankings.

En definitiva, unha reforma educativa que supón un menoscabo cara á escola pública e que demostra unha profunda desconfianza sobre o papel indispensable e positivo que esta xogou no desenvolvemento dos últimos trinta anos en España.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradelas presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN solicitando ao Goberno de España a retirada do Anteproxecto da LOMCE.

MOCIÓN

1. A retirada do Anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

2. A apertura dun proceso de diálogo para a análise das necesidades e os obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico.

3. No centro deste debate estará a Comunidade Educativa, Consello Escolar do Estado, os Consellos Escolares Autonómicos, expertos educativos, as Comisións de Educación no Congreso e no Senado, os Parlamentos Autonómicos, a FEMP e a Conferencia Sectorial de Educación.

En Paradelas a 23 de maio 2013

Asdo. Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello Paradelas

ALCALDE/ALCALDESA-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL ”.

Dona Sonsoles López, di que esta Moción enlaza coa anterior e se a Lei non se basa ou non ten ideoloxía e se vai polo tema económico, en ambos casos mete medo, e acudir á herencia recibida despois de ano e medio no goberno parece increíble; ¿en que momento o goberno vai asumir a súa responsabilidade?

Din que non tocan a educación, e adican cinco mil millóns de euros menos; o sistema pode mellorarse o que non se pode é facer o contrario e empeoralo, collendo os argumentos segundo interesan, e non collendo o modelo de Filandia que é o exemplo do mellor modelo educativo senón poñer a ideoloxía e non os cartos para todos senón para quen interesa; o que supón volver a empezar. Eliminando cartos e poñendo reválidas, así e como se vai mellorar a educación preguntámonos; a excelencia está na diversificación non no adestramento, creando cidadáns iguais e sometidos.

O modelo actual non debe ser tan malo cando moitos xóvenes están sendo requeridos para traballar no estranxeiro, como en Alemaña.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que na Moción falta rigor e seriedade, que España está situado no fondo dos 34 estados da OECD e o que se fomentou foi pasar de curso con ata cinco asignaturas suspensas, sendo o abandono escolar do 24,9 %.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

O Sr. Alcalde di que a LOMCE é instaurar un sistema moito máis moderno dende o punto de vista pedagóxico e metodolóxico; unha flexibilización na Formación Profesional para facela máis atractiva para o estudante; unha maior autonomía nos centros; unha Lei que non ataca ningunha lingua cooficial do Estado, limitándose a garantir o dereito constitucional a coñecer o castelán.

Di, asemade que a posición do PP de Galicia é a de pretender atallar o abandono e o fracaso escolar, fomentar a empregabilidade, mellorar o nivel de coñecemento en materias prioritarias, sinalizar o logro de obxectivos de cada etapa, incrementar a autonomía dos centros, mellorar o uso das TIC e a aprendizaxe de linguas estranxeiras, e , en cumprimento de sentenzas do tribunal Constitucional, garantir o ensino de todas as linguas cooficiais.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López di que só hai demagogia neses datos, xa que España acada un ben (6,12) e se ben hai mellores sistemas educativos pois collámolos como e o caso do modelo finés. Moitos dos datos afirmados por vostedes baséanse en criterios produtivos e económicos non de calidade educativa e a preocupación debe ser diaria e non cada catro anos con reválidas; no tema da relixión ¿é necesaria, e só a católica as outras confesións non?

Ademáis se todos os sectores están en contra, é dicir, alumnos, sindicatos, profesores e pais; non se deberían preguntar que algo está a fallar pola súa parte; pois resulta que non que todos están equivocados menos eles; esa si é a súa demagogia.

O Sr. Alcalde fai unha comparativa das diferencias entre o modelo educativo Socialista e o que pretende o Partido Popular.; sinalando que o modelo socialista levou ao fracaso escolar por ser un sistema ríxido, que sitúa a escola pública en inferioridade de condicións respecto á concertada e privada, con indefinición sobre ensinanzas e requisitos mínimos, que desmotiva aos profesores e alumnos, que dinamita a cultura do esforzo creando dous niveles de FP co que debilita o tronco común educativo, resultando unha inversión perdida; mentras que a reforma do PP conleva a calidade educativa, cun sistema flexible que garantiza a educación pública e de calidade, que fixa uns requisitos mínimos nas asignaturas troncais e que reforza a coordinación entre Estado, CC.AA. e centros; que fortalece a autoridade do profesor que prepara aos xóvenes para o mercado laboral e un futuro de oportunidades que pon en valor a cultura do esforzo, establece unha formación profesional flexible e a financiación está dirixida a mellorar o sistema.

Procédese a votación da Moción, resultando rexeitada cos oitos votos en contra dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular; polos dous a favor do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

10º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O FOMENTO A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DUN PROGRAMA DE EMPREGO LOCAL EN COORDINACIÓN COS CONCELLOS.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista relativa ao fomento a través da Consellería de

Traballo e Benestar dun Programa de Emprego Local en coordinación cos concellos, co seguinte tenor literal:

“O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ás seguintes consideracións:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual situación de crise económica golpeou á clase media cunha dureza, que non só os situou en risco, senón que xerou un problema de cohesión social, que esixe dos poderes públicos a asunción de medidas para a preservación dos dereitos máis elementais da cidadanía.

Entre os colectivos máis afectados encóntranse os mozos, cun 55,6% de desemprego xuvenil según Eurostat, o noso país encabeza xunto con Grecia a deplorable clasificación do paro xuvenil. Á crise hai que sumarlle a acción política dos Gobernos de Feijóo e Rajoy, caracterizadas pola nula sensibilidade social, e pola defensa da austeridade en aras do equilibrio, como verniz das reformas ideolóxicas levadas a cabo.

O resultado deste chamado austericidio practicado polo Partido Popular, que sitúa as contas por enriba das necesidades da xente, é coñecido: trinta mozos ó día abandonan Galicia en busca de oportunidades fora do noso país. Á fuga de capital humano que supón este continuo éxodo, hai que engadirlle os problemas demográficos que xera o envellecemento, e o despoboamento; problemas capitais no noso territorio.

Organismos provinciais como a Deputación de Lugo leva anos poñendo de manifesto esta problemática sen que existan respostas nin adecuadas nin suficiente por parte da Xunta de Galicia, que recordamos, ten as competencias activas para a creación de emprego -aínda que o seu Presidente manifeste o contrario-, para o que debe destinar os fondos que manexa a tal efecto.

É evidente que os planeamentos da Xunta de Galicia para xerar emprego mozo son inexistentes, xa que Galicia arroxa unha taxa de paro xuvenil do 50%, ou o que é o mesmo, 1 de cada 2 menores de 30 anos non pode acceder a unha ocupación que lle permita desenvolver unha vida digna. Esta situación acumulada ós continuos recortes en educación e protección social, colocan ós mozos gallegos ó borde da exclusión social.

Polo exposto, e fronte á inoperancia do Feijóo en materia de emprego en xeral, e xuvenil en particular, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela presenta para o seu debate e posterior aprobación, a seguinte

MOCIÓN

O concello de Paradela insta a que a Xunta fomente a través da Consellería de Traballo e Benestar un programa de Plan de Emprego Local en coordinación cos concellos, destinado a xeración de postos de traballo no noso municipio cos seguintes puntos:

A. A priorización no plan de busca de emprego para menores de 30 anos en risco de exclusión social, e para mozos menores de 30 anos integrantes de unidades familiares perceptoras de salario social, e que contén con máis antigüidade en desemprego.

B. A posta en marcha de bolsas de emprego e prácticas en colaboración con empresas da zona para mozos profesionais de alta cualificación.

C. A toma de medidas para fomentar a cultura emprendedora.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

D. A realización previa dun estudio de observación sobre a evolución sectorial da ocupación do concello para canalizar de forma efectiva a oferta e demanda de emprego.

En Paradelas a 23 de maio 2013

Asdo. Sonsoles López Izquierdo

Voceiro do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello Paradelas

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

Dona Sonsoles López Izquierdo, di que fai dous días presentou o Grupo popular na Deputación unha moción similar, na que todos están equivocados menos o PP, na que a culpa segue a ser de Zapatero que segue gobernando na sombra, asuman algunha responsabilidade e non que están de paso. Como xa dixen antes o que lles importa a vostedes e o tema económico por que os xóvenes están formados e ben formados.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que a herencia recibida non se pode solucionar nun ano pero estase ir polo bo camino; e o Plan de Emprego que se presentou á Deputación é porque entendemos que a Deputación ten competencias e recursos, xa que fan tan boa xestión que o 38% do orzamento no ano pasado non se executou e cando fan un plan, fano dun xeito tan obxectivo que o noventa por cento resultan que foron nunha determinada candidatura nas pasadas eleccións municipais, de feito dúas das persoas que foron contratadas a través do Lugo Emprego formaron parte da súa candidatura.

Dona Sonsoles López intervén dicindo que se faga constar en acta que esas persoas que foron na súa candidatura coñeceunas despois de que se producise a contratación, ademáis de que hai persoas que resultaron contratadas que tamén foron na candidatura do Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra dicindo que vostedes pensan que teñen a patente na preocupación no emprego xuvenil, cando xa no mes de febreiro se avanzaba nun consenso (sindicatos, CEOE e CEPYME) para establecer unha estratexia de emprendemento e emprego xoven que abordaba cen medidas para combater o desemprego entre os mozos co fin de que máis dun millón de mozos poidan beneficiarse das medidas de choque, destinando case tres mil cincocentos millóns de euros; estratexia que inclúe un amplo conxunto de actuacións dirixidas a mellorar a empregabilidade dos mozos/as a través da educación, a formación, o coñecemento de idiomas estranxeiros e das tecnoloxías da información, acción para fomentar o emprendemento, actuacións cuxo obxectivo é mellorar a intermediación para facilitar o acceso a un posto de traballo, así como medidas para estimular a contratación de mozos mediante a implementación de novos incentivos.

Di tamén, o Sr. Alcalde que no ano 2013 a Xunta, en materia de xuventude realizou liñas de actuación enfocadas ao emprego, priorizando os programas orientados a educación non formal, vinculados ao emprendemento e a empregabilidade, fronte aos de ocio e tempo libre; en materia laboral, os mozos e mozas galegas son colectivo prioritario das políticas activas de emprego; impulsouse un novo contrato da formación coa finalidade de loitar contra o desemprego xuvenil, así como adopción de medidas en materia de innovación, medidas fiscais e diferentes programas.

Ademáis, o Sr. Rajoy acaba de presentar un plan ante o Consello Europeo para crear emprego e incentivar o emprego xuvenil ao que se unen Francia, Italia e Alemania; a diferenza entre un goberno serio e riguroso en España e en Europa e que se lle escoita e se lle respeta porque están a traballar.

Resposta a voceira do Grupo municipal Socialista dicindo que ese plan era unha idea de Rubalcaba, que para iso están as hemerotecas e se pode consultar e di que con todo o que acaba de contar é espectacular que haxa paro.

Di asemade, Dona Sonsoles López, que se de verdade se cree que estamos saíndo da crise, cando o único que se poder falar e de desastre de falla de consenso con todos os sectores da sociedade e sobre todas as materias, e cando cambie o goberno que vai cambiar desfarase todo o que vostedes fixeron.

O Sr Alcalde resposta dicindo que quen gobernará xa se verá, o noso partido é serio e riguroso e estamos nunha situación na que fai un ano ningún soñaba, non somos nin Grecia nin Portugal cando todo o mundo dicía que íamos ser rescatados e intervidos.

Procédese a votación da Moción, resultando rexeitada cos oitos votos en contra dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular; polos dous a favor do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

11º.- INFORMES DE ALCALDÍA.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que quere aclarar unha serie de circunstancias, que son froito do afán de notoriedade, irreflexión e irresponsabilidade da voceira do Grupo Municipal Socialista.

En relación co tema eólico, o Concello non foi favorecido por unha sentenza eólica, tal e como vostede afirmou na prensa; xa que o Concello nin sostuvo nin sostén litixio algún, leva seis anos na corporación e aínda non ten coñecemento do asunto e o que fixo esa familia da que vostede e boa defensora foi facer un grave dano ao Concello ademais de faltar á realidade.

A continuación entrega unha copia dunha Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data dous de abril de 2013, que acredita todo o dito por min con anterioridade e que ven a dicir que todo o que a empresa e a Xunta de Galicia estaba correctamente realizado; pasando a lectura dunha boa parte da Sentencia.

Outro tema é o da piscina, onde saca que o concello recibiu cincuenta mil euros da Deputación para o seu arranxo en anos anteriores cando o que recibui foron vinte mil euros e a día de hoxe non rectificou como sí fixo hoxe a Deputación sobre unha axuda concedida a Adespa para a Feira do Ano. Eses vinte mil euros foron da ala do bloque no ano 2010 e comprobaremos na Deputación que pasa con eses outros cartos que vostede afirma que percibimos para ver onde andan por se lle sucede como outros casos de graves irregularidades como a piscina de Sarria ou de Monterroso, ou no Km0.

Vostede dano a imaxe de Paradela, dende hai dez anos que ten unha piscina moi demandada e ubicada nun lugar idílico, xa que as súas afirmacións pode conlevar que moita xente non veña a piscina ou non se celebren cursos de verán poñendoos en perigo.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal socialista dicindo que sinte moito que lle moleste tanto que o critiquen, e como usuaria da piscina preguntolle porque se fixo a piscina onde se fixo e canto custou.

A pregunta presentada de xeito escrito, con entrada no Rexistro do Concello en data 2 de maio de 2013 (Rex. núm 378), ten o seguinte tenor literal:

“Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradelas que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:

PREGUNTAS:

Recentemente houbo outro desprendemento no terraplén da piscina.

Tendo en conta a ubicación e tipo de construción non é unha sorpresa. O curioso é que non se lle ocorrese que podía pasar ao ideólogo do proxecto e mesmo ao propio alcalde cando llo propuxeron. Aínda que igual é mesma persoa. Sexa como sexa, a localización da piscina está saíndo moi cara ás arcas públicas, poderíanos concretar canto, é dicir:

- *Ano e coste do proxecto, incluíndo:*
 - *Redacción do proxecto:*
 - *Execución das obras:*
 - *Seguridade e saúde:*
 - *Outros.*
- *Obras de reparación e estabilización motivadas polas súas deficiencias constructivas (xa sexan normais derivadas do tipo de deseño, como por mala execución) e administración que financiou o coste.*

- *Qué plan ten pensado o Concello para a situación actual?*
- *Está valorado?*
- *É coñecedor de que hai un poste do teléfono afectado?*

En Paradelas a 26 de abril de 2013

Asdo. Dª Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradelas.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA

Axúntanse fotos





CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15

27611 Paradelas

Tfno: 982 54 11 01/96

Fax: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

A continuación o sr. Alcalde procede a responder a preguntas formulada de xetio escrito polo Grupo Municipal Socialista, con entrada no Rexistro en data 15 de marzo de 2013, dicindo que hoxe en día a piscina non se podería facer, esta feita onde está feita porque son terreos municipais e está asentada nunha zona demasiado sólida.

Di que vostede debería obra de boa fe, e o que tiña que facer era primeiro ver a documentación e logo ir falar coa prensa; ante as referencias que o Sr. Alcalde lle dirixe a Voceira do Grupo Socialista sobre o seu paso e intervencións en distintas organizacións e asociacións no Concello, esta resposta dicíndolle ao Alcalde que se centre na pregunta e que non veñen a conta as referencias ao seu curriculum e vida persoal, xa que non lle importa a ninguén.

O Sr. Alcade procede a dar lectura dos custos da Piscina Municipal do seguinte xeito:

- No ano 2003, ano de construción, 421.314,50 € gasto execución final incluíndo dirección de obra e seguridade e saúde; aportando 331.162,70 € a Xunta de Galicia, 58.537,51 € a Deputación e 31.614,29 € o Concello. A redacción do proxecto 3.000,00 €.

- No ano 2010, adecuación estrutural piscina municipal, importe 57.999,34 € financiados pola Xunta de Galicia.

Reparación piscina municipal, importe 52.629,42 € financiados 20.000,00 € pola Deputación Provincial e 32.629,42 € polo Concello. A redacción do proxecto por parte do técnico municipal non tivo custo.

Na actualidade aínda que o tempo non axuda estase buscando financiación, incluíndo ao Presidente da Deputación, solicitáronselle 30.000,00 euros que podían caber neses convenios excepcionais aos que non ten acostumados a Deputación de dudosa legalidade e sempre próximos á súa cor política, aínda que esta vez ten a posibilidade de facer un con todos os visos de legalidade e un chico de xustiza co co Concello, conformándonos coa difereza que afirma a Sr. Sonsoles.; aínda que supoño que non vai a ser co apoio da Sr. Deputada aquí presente, a que dende a súa chegada á Deputación fomos relegados á hora de atender as nosas peticións (¿será casualidade ou coincidencia?).

Esperamos que a reparación estea rematada para poder abrir a primeiros de xullo.

O rogo presentado de xeito escrito, con entrada no Rexistro do Concello en data 2 de maio de 2013 (Rex. núm 379), ten o seguinte tenor literal:

“D^a. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradelas que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte:

ROGO:

No lugar de San Vicente hai dúas casa que están aparentemente en perigo de caer. Nunha delas está aínda vivindo unha persoa, a outra é unha ruína. Sabemos que os veciños manifestaron ao concello a súa preocupación polo risco en varias ocasións.

Rogamos tomen as medidas oportunas de seguridade e de asistencia social, de ser o caso coa persoa que habita nunha delas.



*En Paradelas a 15 de abril de 2013
Asdo. D^a Sonsoles López Izquierdo
Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradelas.
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA*

En canto ao rogo dicir que terá que informar o arquitecto e que se buscamos o historial desta persoa no Concello, pode ser comparado co fillo do Alcalde, e algo que podería ter unha fácil solución haberá que ver que consecuencias se poden derivar das súas afirmacións.

Dona Sonsoles López, non entende o acoso persoal ao que foi sometido ao longo do pleno e que é a súa obriga como portavoz da oposición, facela, e este rogo deriva dunha vella demanda dos veciños deste pobo ante o risco que ten para todos a situación na que se atopa a citada vivenda.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as quince horas e quince minutos do trinta de maio de dous mil trece, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

**Visto e praxe
O Alcalde**

O Secretario-Interventor